

Núm. 118

Tomo 10

# nós.





BOLETÍN MENSUAL  
da  
CULTURA GALEGA

Direitor Literario

Vicente Risco

Direitor Artístico

Alfonso R. Castelao

Administrador

ANXEL CASAL

---

DIREICIÓN E REDAUCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

SANTIA<sup>GO</sup>

---

ABONAMENTO

NOTA

Doce números, na Península	6'00 pesetas.
Fora da Península	8'00
Número solto	0'70

*Este boletín non publicará mais orixinais qu'os que foran directamente solicitados pol-a Direición. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidas, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redaución.*

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

---

SUMARIO

CODIO, por R. CARBALLO CALERO.  
A ESCADEIRA DE JACOB, por E. BLANCO AMOR.  
FALAN OS DE RIBADEO, por FRANCISCO LANZA (proseguimento).  
CATÁLOGO DOS CASTROS GALEGOS.—V. A TERRA DE LOBEIRA, por FLORENTINO LÓPEZ CUEVILLAS e XURXO LORENZO.  
ÍNDICE CULTURAL E ARTÍSTICO DO RENACIMIENTO GALEGO, por FRANCISCO F. DEL RIEGO.  
(proseguimento).  
OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS.

---

IMPRENTA "NÓS"

Facturas - Estados - Libros - Revistas  
e toda crás de traballos tipográficos

Trasmitanos os seus encárregos

Rúa do Vilar, 15

SANTIAGO

Sto. Domingo, 47-2.<sup>o</sup>

Ourense

Dicenle Risco

Abogado





BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XV ★ Ourense 15 de Outono de 1933 ★ Núm. 118

C O D I O

Por R. CARBALLO CALERO

*Era nas mans de Deus coma un paxaro  
nas tolas de un rapaz. O vento insomne  
da devoción enchiállle as recónditas  
corredoiras da alma de un antergo  
e seco horror; os que outro tempo foran  
vieiros de frores que as pusadas mainas  
da doce nai acugulaban, tépedas,  
de músicas de abalo, son agora  
foscas estradas de pavor, sagradas  
catacumbas de horror, longas i escuras  
gorxas dos cans famentos da piedade.  
Nos ollos cheos de un lameiro verde,  
sulcado pol-o vieiro do asubio  
dos carros que camiñan  
a senda do salouco,  
vive agora unha roxa labarada,  
chama espeístral do inferno presentido.  
Cada pasada é un esmoronamento  
de aquel que a tiña tan lixeira e ingrave  
que os cegos lle díctian:  
Unha esmola, irmanciña!  
Xa na sua boca o codio aa miseria  
pedra é de maldición, e longo berro  
de anguria en vez da cántiga frorida.*

*Xa esquecéu o seu beizo aquíl surriso  
que deseñaba no seu rosto a vista  
da carne fresca das rapazas roxas.  
Grises, igual que a pedra  
de San Martiño, os ollos,  
fungos de soidade e desespero  
embázanllos e líxanllos.  
A través do neboeiro da sua vida  
tensa de agora pol as touzas mestas  
do prego duro cazador da gracia,  
lembra outra vida de fazulas craras,  
cando autre as erbas, cazador de grilos,  
ceibaba o chafarís de un aturuxo.  
Vieiros de mel da relembranza; ao cabo  
a verde aldeia, os familiares sinos  
e a amizade do puchío rebuldeiro.  
Bulreiro, Deus entón era un petrucio  
que se reía no deilar das fontes  
e falaba na lingua dos labregos.  
Agora Deus fala en latin. Senlleiro,  
está no cabo dunha infinita escada,  
cunha barba fluvial e filosófica.  
Scientia rerum per altiores causas.  
Sobre Santo Tomás desfalecia,  
roxos os pes de procural-o Esquivo.*

## TRES CAPÍDOOS DE

## A ESCADEIRA DE JACOB

Novela inédita de E. Blanco Amor que axiña pubricará a Editorial NÓS<sup>(1)</sup>

## CAPÍTULO I

## JACOB DESCOBRE O SEU PERFIL

*...e saíou, e unha escadeira que estaba posada na terra e a sua cabeza tocaba ao ceo...*

Xénesis, 28-12

NESTO foi que Jacob deixou a comodidade ortopédica do sillón da barbeiría do Club Cerealista. Apañou a sua silueta esguia nunha ollada integral de dezaseis espellos e gorentouse un añaquillo na decote renovada satisfação de descubrir seu perfil sin ter que estarricar os ollos nunha fuxente olla da lateral, pra poder apañalo en toda a sua pureza xudea.

Metéraselle na chola que tiña un «perfil lírico». Non abrangüía ben cabalmente o significado de tales verbas. Pro o feito misterioso da sua xusta posición, facía o cavilar más da conta. Un perfil lírico... Un perfil lírico.... Perfil de grandes cousas. Perfil para chantarse na coquetería inmorrente dunha medalla. Perfil proal ouceador de pasados mañás, que non finaba de acadar e reducir a xustas significacións intraverbales, como pendiale a sua concreta mentalidade semita. Sentía que o descubrimento do seu perfil iballe aportar cousas novas e fazentosas para a sua vida. Sentía que aquel perfil era novo, recén descoberto, dáballe xa topadas na vida con golpes xordos, punxentes e sin ferida, de coitelo cego. Aquel perfil era como un irónico mascarón de proa, abrindo novas singladuras na sua vida valeira. Aquel perfil... ¡As 11.30!

Deitou na mán da masaxista —pálpebras de sulfato, beizos de chuchamel de celuloid— na man de manicura —artificioso engado de cereiría— na man de grom —ouro, roxo, mouro— polícromos billetes, limpos e

noviños coma bicos de neno, e sortiu á rúa, quebrada na sua recta lonxedade de aceras converxentes, por trapezoides de lus caídos da irregularidade das azoteas.

O «Rolls» niqueado e gris, espriguzábase a par da saída. Jacob recadou voante e palancas; o arranque eléctrico zuniu co a laiante xenreira de sempre e o auto esbarrou polo asfalto canturrando un ar fácil a base dun ritmo de seis cilindros e do cigueñal millor equilibrado da Terra.

E Jacob voltou a matinar e a ollarse tanto e tanto de perfil, cos ollos d'adentro, que cando chegou á Bolsa Gandeira, tiñaselle tamén virado a alma e fixéraselle tan esguia e perfilada que tivo, pol-a primeira vez, un pouco, como si dixéramos noxo de meterse n'aquela ágora dos millonarios, donde ilera escintilante e ben gabado tribúo.

## CAPÍTULO II

## DESCONTRA — DESCONTRA — ?...

O vraftedo ceo porteño era unha peneira a estarelar luz e máis luz. Estaban moendo no ceo, unha lumiosa farixa antártica, de bulladora de perspectivas, ben axeitada pra escachárese no froute do casal da Bolsa — XVIII columnas dóricas, grandioso timpano dun neoclasicismo rastacoiro, con símbolos adiposos da Gandeira e da Agricultura. Nos tetos de mármore da nai Ceres i-encol do caduceo dun Mercurio con face de larchán, as brancas e arrullantes pombas ceibaban seu guano medievalista e iconoclasta.—

Jacob entrou. Home de imaxes plásticas, sentiu arelas de tirar de chaquet ali mesmo, no hall, e sacudirlle todo aquel enfariñamento lumioso que a mañán deitáralle enriba. Somellaballe indecoroso e pouco dino da seriedade industrial, entrar con todas aquelas faiscas d'ouro que a carnaveira e novísime

(1) Estos Capídoos corresponden á parte da novela feita no ano 1926.

rica da mañán botárelle, ás presas, enriba dos hombreiros. O rumor das subastas, grato á sua ánima coma unha sinfonía, enlazouno e sentouno no escano, espido de meditacíos trascendentales. A voz do rematador entolecia pegando, como un paxaro cego, descontra as paredes inhóspitas. Os números fervianlle na gorxa, coma si fixera gárgaras coas pezas en folga d'unha Bourrougs X. 327 mod. 1930. Un decatábase que se contiña de carraspexar, pro que de boa gana o faría pra arrincar dos entrefollos da gorxa aqueles graucíos de quebrados ingreses que se pegaban como obreas nos endemados recóvedos da larinxe.

—Señores: Temos un lote de 5.000 becerros Shorthorn engordados. ¡Pedigree garantido! Ceibes d'aftosa e de todo andacio. Son da cabaña «Blue Star», nacos de sementales irlandeses. ¿Canto valen por libras? ¡Postas, señores, postas! ¡¡Son da «Blue Star»!! Pedigree garantido. ¿Canto valen señores?

Un fumazo de números abafaba o ambiente. As cifras escadaban o ar tépedo de cigarros e toupaban, coma foguetes, nos ouvidos dos mercadores. As primeiras postas caían coma as primeiras pingas dun ttebón.

Jacob abriu a sua carpeta de coiro dinamarqués en procura do parte que recibira, aquela mañán de Smithfield, coas derradeiras ordes pra merca de carne en pé. —Con presa crecente, catou todolos departamentos forrados de gamuza bermella; peteirou á todol os broches d'ouro cos dedos nervosos, polidos coma picos de paxaros paraguaios. E n isto foi que acorrouelle o xesto, fechou o cartapacio e tirou da petaca un cigarrillo loiro —.

¿Cómo decía o radiograma, que agora mentaba velo abierto coma unha gargallada, esquecido enriba da mesa do almorzo? Jacob percisaba non perder un minuto nin un lote pra complir as ordes d'acapuramento que tiña recibido dos seus representantes «MARTIN SONS Ltd.» Algo lembra. Cartos traseiros enfriados  $\frac{3}{4}$ , contra  $\frac{3}{4}$ , os australianos. Os dianteiros, por stone de 8 libras  $\frac{2}{3}$ , descontra  $\frac{2}{3}$ ... ¿Pro cal eran os prezos de demanda dos seus competidores da Swift Ltd.? ¿A como fechara o Mercado a Término, de Sidney? ¿Que se decía en Londres?

Estaba perdido. Non tiña outro remedio senón ir él mesmo a conquerir o parte, cuia clave desconocida até polo seu segredario privado, confiava a compra máis importante do ano. ¡Nin pensar neso! Denantes de que andivese tres centos metros de rua, xa o remate estaría finado.

As postas subían con axilidade acrobática. O rematador e os concurrentes ollaban, a cada oferta, pra Jacob Edelstein, a quen o espionaxe gandeiro, sindicaba como o poseidor da mais outa orde de merca. Os prezos chegaban a sua máxima tirantez. O rematador cuspía xa as mesmas cifras, nun ritornello obsesionante. Jacob, home de imaxes plásticas, sentia que as olladas de todos chamuscábanlle a roupa e voábanlle encolados beizos coma moscas famentas, agardando unha cantidade pra botárense enriba d'ela e mazmirla, e moerlla con agulloazos de miudas fraiciós de schelling. O rematador barallaba no silenzio cupular i-ecoante do recinto grandioso. As suas verbas martelaban muros e corazóns. Jacob erguéuse de vagar, e o silenzio podiase pesar ao milígramo. Acidou seu bastón d'abedul branco e saiu, cortando o ambiente mesto, que quasi o inmovilizaba, coa sua face proal e distinguida. Detrás da semente do seu maníaco e calado mutis, agromaban os comentarios.

Perdera por un esquezo idiota, a primeira batalla comercial da sua vida. ¿E non tería culpa d'aquel esquezo a sua manía, recén estrenada, d'andar matina que te matinarás n'aquel gallo embruxado do seu «perfil lírico»?

### CAPÍTULO III

#### COMPRIMIDO D'UNHA EVOLUCIÓN

ENTRE a finura académica do seu cabán do mais puro Heplewhite Jacob Edelstein matinaba na sua vida. Sentía que as ideas afinábanselle n'aquel recolleito dormitorio. Desbotábase unha calma fina e musical d'aquelas paredes d'un gris cinza entonado; e as malas cavilacións enredábanse na grinalda da cornisa, nos acantos dos capideles, i esvaíanse nas curvas pompeianas dos mobles Adams que por certo foran de Lord Merrill e que Jacob meecáralle a Lipton, de Lon-

dres, en L2.000, postos no barco. ¡Unha tolería!

Ali estaba enriba, do secretaire aberto, a «radio» que recibira facia tres noites, mentras ceaba no Majestic, na compañía loira e obesa do representante da Oslo Kompaniet, dándolle os retoques finais a un negocio d'esplotación do salitre no Neuquén. Decía o parte: Inespricabre neglixencia asunto Short-hons. Stop. Díectorio acordou sesión extraordinaria pedirlle renuncia Stop. Comisiós liquidadas L98.000. Stop. Entregue negocios Compañía Continental. Stop. Vai carta.— Thompson, gerente. Levi Sons».

Dempois de leelo, Jacob escoitara os plans da industrialización do salitre que con profundidade de datos técnicos espúñalle o Doctor Nordborg, da Oslo Komp., co mesmo intranquio desacougo con que consentía que lle caisen nos ouvidos as pingotadas d'eter que ceibaba a jazz adoecida do restaurán; ién troques puña grande cuidado en mordisquelar o rabo d'un xazmín que ripara da solapa, nun xesto incoscente e súpito. Ao cabo d'uns minutos erguérerase d'un chouto, asombrando a gravidade escandinava do seu invitado e, dando unha disculpa de minima verosimilitude, sortira para a rua, en frac, esquecendo sombreiro e paletó; montara no Sumbean charolado, que era seu compañoiro nocturno e arrincou co-a velocidade d'un mal pensamento, Avenida de Maio abaixo. Total un choque que lle esfarelara os guardabarros dianteiros, 15 multas por velocidade e un rillote, vendedor de xornales c'unha perna esnaquizada. E decir 7.450 pesos. Alo estaban nun asento da Caixa de Pagos Inmediatos.

¿Era aquello vida? ¿Estaba certo Jacob de vivir? A sua profesión de comisionista donaballe facilmente 100.000 dólares en 10 meses, descontando os dous de vacaciós que non entran na anada comercial. ¿Iro que más lle daba? Certamente, tiña comodidades. Boa casa, os millores mobeis de Bos Aires — a gabada colección de vargueños mudéjares, os vintetantos tipos de sillas Queen Annie, o comedor tallado pol as propias mans do segundo Chippendale, o salón francés, con pezas de Riessener de Oeben, e Boule; as louzas de Vieux, Marseille, Sevres e Saxonia;

## NÓS

as porcelanas brancas de China, Meissen e Capodimonte; as alcatifas crásicas e os tapices de Pergam, Chiraz, Mossul, Afgan e Bokara. Nas vitrinas do grande hall americano a misturanza híbrida e medoñenta das momias aztecas; pedras labradas pol os mayas roubadas nas cidades yucatecas. Uxmal, Chinchen Itzá... Sarapes, ponchos, vinchas, cinturóns, arreos, armas e voleadoras: orfebrería ecuestre dos gauchos e obras mestras dos teceláns calchaquis e dos silenziosos habitantes do oeste Cuzco. No grande comedor de gala, pratería ingresa do século dezaoito, grandes tapices sobre diseños do van Meulen; gabado bodegón de Hondekoeter enriba do aparador; os mobeis manuelinos tallados en jacarandá, que foran do Baron Rio Preto, embaixador portugués na corte da Reina Victoria; a colección das filigranas do Bósforo; a dos garnidos búlgaros; os grandes kelims tecidos nos vals dos Cárpatos pol as noivas dos cazadores...

Pro todo aquello ¿qué tiña que ver co a vida? ¿que sotil diferenza había entre sua ledicia de colecionista o mercar un vaso novo co a do seu segredario — 24 anos atléticos — cando mostráballo os trofeos conqueridos no «four» de regatas do Roving Club? ¿Qué desmellante filiación había entre o seu contento ao conquerir unha baixa de tres puntos n un remate de gando e o da sua estenografía cando avisouelle os ollos baixos, emocionados de immedio que tiña pensado de se casar co corredor de troques de moeda americana? Non collia dúbida. Entre a sua fanfarrona gabanza de ter alugada unha das millores mozas do mercado galante de Buenos Aires, e o bico que ollara donarse no gardaroupas dos empregados a telefonista e o rapaz do correio, había unha evidente lonxedade, pouco fácil de encher cos 100.000 dólares da anada comercial. E así en todo. Había unha vida de cousas desintresadas e finas, de impulsos xenerosos e delicados que el non conocía nin sospeitaba siquera. Unha vida de feitos incoercibles e sotiles que non tiña moiho que ver co dinheiro. Había que descobrir tamén esa curva lírica que presenta a vida por encima do seu perfil material.

Tiña Jacob que sacudir de enriba da sua alma, aquelas teorías do Dr. Krumm, que

formaran a base da sua educación, en col da significación moderna do díñeiro. As teorías d'aquel home mafistofélico, que disparaba millóns escudado na sua barba porca e no seu chaquet roido, foran a columna de fogo na perspectiva da sua mocedad. O díñeiro, e mais ainda a intuición do seu valor espiritual, era pra Jacob unha forza psicolóxica nova que tiña d'influir definitivamente, na fisionomía do noso ciclo histórico. El tivera pra si, que dende o punto de vista do seu tempo, era un home tan importante coma un inventor ou un xenio científico, e mais importante que un filósofo ou un poeta. Para él os

pensadores non eran mais que os tratadistas ou os ordeadores da vida *creada* polos homes d'aición. Operaban sobre dos cadáveres dos fenómenos e dos feitos que foran deixando ao longo dos camiños de ferro do tempo eles, os homes d'aición, os homes dinámicos, os homes que movian flotas e provocaban as guerras sin heroísmo, das que sempre resultaban os promotores gananciosos. Jacob nacerá desposido de ese fondo de sentimientos básicos —amor, sacrificio, solidaridade— arredor dos que xira o tío vivo da vida espiritual.

## FALANOS DE RIBADEO

(NOTAS FOLKLÓRICAS E LEISICO-GRÁFICAS  
RECOLLIDAS NISTA VILA)

POR FRANCISCO LANZA.

(Conclusión)

*Maragato:*

*Maragato, pato,  
unha zoca i-un zapato*

*Maragato, pato,  
fillo d'unha cincha,  
cando o galo canta  
o maragato rincha.*

*Xastre:*

Oollo de xastre, compás de carpinteiro.

—¿Onde vas, xastre piolloso,  
sin tixeira e sin dedal?  
—Vou sentar o cí no tallo  
para ganar un cochino rál.

O xastre dí, cando lle dan papas:

—*Papas á un home d'oficio?*  
*Pape o demo á quem as fixo.*

Sete xastres fan un home,  
catorce fan un testigo,  
e fan falta vint'e oito  
para firmar un recibo.

*O señor Cotarelo Valledor dd no seu «Cancioneiro da aguilla», como recollidos en Ribadeo*

deu, os seguintes cantares referentes ós xastres, ningún dos cales nos foi dado ouvir ós vellos d'agora:

Aquel xastre do Vimio,  
aquele xastre enchupado,  
vai fuxindo no monte,  
vai fuxindo de aquel rato.

Xastre, xastre, camisa c...  
o c... che coseron con sete puntadas.  
Xastre, xastre, faime unha monteira  
que o demo te arrastre por unha silveira!

Xastre, xastre fozón e larpeiro,  
dácame as sobras do meu terzopelo,  
farasme un mantelo e duas manteliñas,  
¡lévete o demo dos pelos pra ribal!

Xastre, xastre,  
o demo te arrastre;  
que chova, que neve,  
o demo te leve.

### POBOS E XENTES

*Abres.*—Aos d'este pobo chamaselles *lateragos*.

*Arante.*—Diselles aos veciños d'esta parroquia: *És d'Arante? O demo que te levante.*

*Castropol.*—Castropol, corral de vacas;  
as Figueiras, de cabritos;  
a Veiga, de folgazais;  
Ribadeo, de señoritos. (1)

*Figueiras.*—Aos veciños d'esta vila asturá  
chámaselles *pixotos e pixotins*.

*Lugo.*—«De Lugo, nin boa besta nin bón  
burro».

*Meira.*—«En Meira, nin boa xente nin boa  
feira».

•De Meira, tropa lixeira».

•Xente de Meira, que vai pr'a feira».

*Piñeira.*—Os veciños de Piñeira son (en opinión dos de Vilaselán) *os papeiros*.

*Rinlo.*—Os rílegos, porque falan coa *ese*,  
chámaselles *sorosos*; na festa do seu patrón, San Pedro, comen *casón cosido, casón asado, casón estofado, casón mechado e casón encasolado*.

*Vilaselán.*—Pr'os de Piñeira, os de Vilaselán  
son *ceboleiros*.

#### REFRAIS

*Agrícolas. Do tempo:*

Ácada porco chégalle o seu San Martiño.  
Bendito mes qu'empeza con Todos Santos  
i-acaba con San Andrés.

Cando a Candeloria chora, medio inverno  
vai fora. (Á este refrán reprícase; «Que  
chore, que deixe de chorar, medio inverno  
ta por pasar»).

Cando a gaivota vai pr'a terra, coll'a brosa  
e fai estela.

Cando a gaivota vai pr'o mar, colle o arado  
e vai á arar.

Cando o Mendigo non o capelo, todal as ve-  
llas mexan (ou tembran) de medo.

—Cando marzo maia, maio marzoa.

—Chuvia en maio, a mexadiña dun rato.

—En Abril déixame durmir, que en maio de  
meu me caio.

Eu maio inda a vella queima o tallo.

En maio, todo espigado.

En xaneiro, berza vella val carneiro.

En xaneiro, mete obreiro.

Maio, pardo; San Xohán, craro.

O Antroido, coas suas malas artes, botou á  
San Matías fora do marte.

O día de Santa Lucía mengua a noite e me-  
dra o dia.

O día de Santa Lucía medra o dia a pasadi-  
ña dunha galina.

O millo, no polvo, i-o trigo no lodo.

O que en maio se molla, en maio se enxuita.

O vendaval trai o vaso na mau,

Qué altas, que baixas, en Abril son as Pas-  
cuas.

San Matías anda co Antroido ás porfiás.

San Migueliño das uvas maduras, muito me-  
tardas, pouco me duras,

Tras de maio ven San Xohán.

Vaite, Febreiriño corto, cos teus días vinte-  
oito, que si tiveras más catro, non queda-  
ba can nin gato.

*De conduta:*

Á cada un o seu, decia o que roubaba.

A curiosidá é bon pr'a roupa.

Á mal tempo, bón sembrante.

Amiguiños sí, pro o porco pol o que val.

A Pascua, con quem quixerex; o Antroido  
coas tuas mulleres.

Á rico non debas i-a pobre n-ofrezas.

Arricicos somos e no camiño nos atopare-  
mos.

Besta parada non gana xornada,

Cada roca o seu fuso, cada terra o seu uso.  
Cando Dios da, da pra todos.

Deixa de ao mestre anque seña un burro.

D'estes carneiros non se raja oustralá («Cuan-  
do pasan râbanos»)

Dondé letras falan, barbas calan.

Entre sebes e paredes, vede ben o qué fa-  
cedes.

Fai ben e non mires á quén.

Fianza en Dios, qu'é santo vello,

Fillo fuche, pai serás; cal fixeres toparás.

Gárdame na casa i-eu te honrarei na praza  
—di a roupa.

Morrendo i-adprendendo.

Naide naz aprendido.

(1) Este cantar é moi semellante á outro que recolle o «Cancionero Gallego» de Pérez Ballesteros, no que se insulta a Vilalba, Vilanova e Mondomédo.

No cobrar vai a ganancia.  
 Non se pode repicar y-andar na procesión.  
 O boi, pol-a corda, y-o home pol-a palabra.  
 O casado, casa quer.  
 O malo, calalo.  
 Onde irás, boi, que non ares!  
 O papel y-a muller, hastra o cu lles hai que ver.  
 O que ha de leval-o demo, poñerlo á porta.  
 O que lle has de dar ó rato, dallo ó gato.  
 O que non se fai o día de Santa Lucia, faise o outro dia.  
 O que paga, descansa. (Pro mais descansa o que cobra, engaden)  
 O que quita e non pon, logo chega ó fondón.  
 O que ten tenda, que ll'atenda, e se nón que a venda.  
 Palabra e pedra solta, non tefien volta.  
 Quen contas non bota, contas n'atopa.  
 Quen d'elas ten, d'elas perde.  
 Quen pariu, que arrole, e se non pasar sin home.  
 Sabe un ao que chegou e non sabe ao que chegara.  
 Soprar e sorber non pode ser.  
 Todo ta ben se a morte non ven.  
 Traballo feito, bén pares.

Val mais onza de trato que libra de traballo.  
 Val mais ter que desear (repricase m... no teu paladar).

*Da hixiene. Da saude.*

Auga corrente non mata a xente, auga parada ta envenenada.  
 Con pan e viño ándase o camiño.  
 Con peras, viño bebas.  
 Dixolle o leite ó viño: Vente pr'acó, meu amigo.  
 O ben y-o mal a cara sal.  
 Se queres chegar a vello, garda aceite no pelelo.  
 Todo doe pra sanar, menos os ollos, que doen pra enfermar.

*Satíricos. Festivos.*

A auga de correr y-a xente de falar, non se lle pode privar.

Alcalde novo, todo é xusticia (ou: todas son leises).  
 A mala herba nunca perez.  
 A mala veciña da a agulla sin liña.  
 A muller y-a sardiña, pequeniña.  
 A primeira noite, cara con cara; a segunda, cu con cu; a terceira, {qué trouxeche tú?  
 A quen non ta afeito a bragas, as costuras fanlle chagas.  
 Arrieiro d'unha besta, cesteiro d'unha cesta e pescador de cana, mais perde que gana.  
 As malas noites y-as malas mañás son pros curas e mais pros cás.  
 Besta vella non entra en paso.  
 Cada un é fillo de sua nai (ou: de quen-o pariu).  
 Cada un fala da feira según lle foi n'ela.  
 Cada un trata do que mata.  
 Cada un ráscase onde lle come (ou: lle pica).  
 Cando Dios non quer, os santos n'axudan.  
 Cando durmo, non sei o que tefio.  
 Canela d'home, cu de muller e fucin de can, son as tres cousas que mais frias tan.  
 Canta mais presa, mais vagar.  
 Canto mais burro, mais peixe.  
 Canto mais prima, mais se ll'arrima.  
 Corre o ouro pr'o tesouro.  
 Cria corvos e sacaránche os ollos.  
 Da maza a revola, veña o demo y-escola.  
 Dame pan, e chámame can.  
 Deixa andar o can c oa roca, qu'él dará conta da mazaroca.  
 De noite todol-os gatos son pardos.  
 De ruin madeira, nunca boa astela.  
 De vello, gaiteiro.  
 Día de moito, vispora de nada.  
 Dios nos libre do día das alabanzas (que é o da morte).  
 Dixolo Bras, punto redondo.  
 Dixolle a sartén ó pote: Lisca d'ahí, que me manchas.  
 Do pan de meu compadre, rabanada ós meus afillados.  
 En cas do ferreiro, cuitelo de pau.  
 En todal-as niadas hai un pito coxo  
 Home pequeno, fol de veleno.  
 Lume xunt-a estopa, ven o demo e sopra.  
 Mal lle vai a raposa cando anda ós hovos.

Mentras vas-e ves, xornada tes.  
 Morra o gato, morra farto.  
 Morte non veñas que achaque non teñas.  
 Mort'o can, acabouse a rabia.

N'hai peor xordo co que non quer ouvir.  
 Non hai pega sin mancha negra.  
 Non hai peor cuña qu'a da misma madeira.  
 Non se pescan truitas a bragas enxuitas.  
 Non se sabe de quen é a recua hastra que  
     morre o arrieiro.  
 Non ta a sardiña no prato por falta de gato.  
 Nunca tal se viu: chicolote con agua do río.

O burro diante, pra que non s'espante.  
 O can ladrador non é o mais mordedor,  
 O medo garda a viña (dise así xeneralmente,  
     pro o refrán compreto e; e non o que o  
     vendimia).  
 Onde vaia a ola, vaia a tapadeira.  
 O papel ten mau do que lle poñen.  
 O que é bo pro fígado e malo pro bazo.  
 O que non chora non mama.  
 O que non fuma nin bebe viño, lévallo Dios  
     por outro camiño.  
 O que non quer caldo, tres tazas.  
 O que se pica, allos come.  
 O que se ve non s'esconde.  
 O que ten cu, ten medo.  
 O que ten padriño, bautizase.  
 O que xoga por necesidá, perde por obliga-  
     ción.  
 O tolo, pol-a pena é cordo.  
 O tolo y o borracho din o que teñen no papo.  
 Ou nas uñas ou nos pes has somellar a  
     quen es.

Pitos serán, ólem'a can.  
 Pol-o santo bicase a peana.  
 Por muito trigo nunca é mal ano.  
 Pouco aceite dan por un cario.  
 Pouco mal, pro ben xemido.  
 Pr'a muita fame non hai pan duro.  
 Pra ser puta e non ganar nada, val más ser  
     muller honrada.  
 Predicame, trade, por unha orella m'entra,  
     por outra me sae.  
 Pregúntallo a Mateu, que mente coma eu.

Quen chega tarde non oe misa nin come  
     carne.  
 Quen mais chifre, capador.  
 Quen quer a Beltrán, quer o seu can.

Rabia, can, porque non che dan pan.  
 Remar, remar, e na orilla naufragar (ou:  
     caer no mar).

Saimos d'un souto e metémonos n'outro.  
 Santa Lilaila pariu por un dedo: seráche ver-  
     dá, pro eu no-no creo.  
 Se ques conocer a Periquiño, dall'un man-  
     diño.  
 Serás vello cancarín, teral-a sarna y-o xa-  
     rampin.  
 Si che pica, ráscate.

Tal vento, tal viaxe.  
 Tantas oe a raposa pol-a semana; que o do-  
     mingo non pode ir à misa.  
 Tivemos unha que mexaba na cama, y-agora  
     temos outra que mexa e e...

Val mais á cagada d'unha vaca que a de cen  
     golondrinas.  
 Val mais ter que desexar (repricase: m... no  
     teu paladar).

Xaula feita, páxaro morto.  
 Xente nova e leña verde, todo e fume.  
 Xogan os machos e páganas os arrieiros.

XURAMENTOS, 'INTERXEUCIOS, ETC.

|Agora verás o demol  
 |Así cegues!

Dios me leve.  
     me salve.  
     me valla.  
 eu cegue.  
     medre.  
     medre e medre.  
 eu vex'a Dios.  
     o ceo.  
 estoupes.  
 me coma o demo.  
 reventes.  
 te coma o demo.

Cego me vexa.  
 Cegos me vexan.  
 Cegu'eu.

Inda eu vex'a Dios.

Léveme o demo.  
     o demo as zocas.

Me caso conmigo,  
en min.  
en san aqueloutro.  
na reina.  
no que tapa a camisa.

O demo me coma.  
me non coma.  
me tronce.

Pártame un rayo.  
un xarro.

Que asi Dios me leve.  
me salve.  
eu vex'a Dios.  
non vex'a os meus fillos.

Que cego me vexa.  
cegos me vexan.  
me coma o cuzo.  
Dios.  
o demo.  
o dentre.

me lev'o demo.  
morto m'enterren.  
non salla vivo d'aquí.  
non vexa más os meus fillos.  
unha centella me tronce.  
centola me coma.

Revent'eu.

Tórzam'o demo.

Tróncem'o demo.

¡Vaia por Dios e polos santos de Foz).

Válache Xudas (ou: Xueras, ou Xúcaras, ou Xúncaras).

Vato a min.

Vat'o a Dios.  
o dios Baco.

Xuro a palla dos nabos.

¡Xúrochas!

Bós Aires, IX - 932

## CATALOGO DOS CASTROS GALEGOS

### TERRA DE LOBEIRA

Por FLORENTINO L. CUEVILLAS e XURXO LORENZO

(Proseguimento)

deu mais que algúns testos de cerámica moderna, sendo posíbel que se trate dos restos de algunha construcción de pegoreiros.

\* \* \*

«No San Adrao hai dende logo grandes tesouros soterrados».



FIGURA 4 (b)

A construción megalítica veciña ó coto de San Adrao.

*Folk-lore.*—O coto de San Adrao chámanlle o mirador dos mouros, dos que tamén se dí que tiñan no sitio unha capela.

*Bibliografía.*—Inédito.  
(Catalogado por Xaquín e Xurxo Lorenzo e Florentino López Cuevillas).

## CONSIDERACIONES ARQUEOLÓXICAS

*Cantidad de castros.*—Denantes de entrarmos no ensame de ista cuestión convén advertir que na terra agora catalogada hai dous lugares nos que se poidera supor a existencia de castros. Son istes dous lugares o cume máis alto do monte do Viso, e un recanto, prodigo en outeiros arboreados i-en eidos con cultivos, que chaman o Veloso e que se sitúa perto da corrente do Avedela e algo ó norte do coto da Vila.

No cume do monte do Viso, erguese o santuario da Nosa Señora, fermosa obra románica con engadegas e reconstruccións barrocas, que aparece costruído no medio de un adral ben aplainado e cinguido polo seu correspondente muro de pedra. Cerca de il e pol-as bandas do norte e noroeste, ábrese duas pequenas terrazas, determinadas por terrapréns de escasa altura, que presentan indudábeis semellanzas cas que se ven nalgúns castros, mais que coidamos foron producidas o desbotárense cura fora os escombros resultantes do aplainamento do cume, non habendo por outra parte lembranza de achádegos arqueolóxicos nin vestixios folklóricos que autoricen o supor fundadamente que se asentou ali unha estación castrexa.

O indicio relativo ós monticelos do Veloso é encambio de natureza topónimica. Aseguráronnos, anque sen precisarnos a sua situación exacta, que había en tal lugar uns predios conocidos co nome da Coroa. Percorreu un de nós afincadamente todo o contorno en busca de restos de fortificación e nou alcontrou nen díno de ser notado. É posíbelle así e todo que os ditos restos esteán tan ben desimulados por baixo da frouma das carballeiras que non sexa posíbel dexergalos, ou que os traballos agrícolas arrasaran por completo os terrapréns e colmaran os fosos, mais é tamén verosímile que a topónimia indicadora, proceda de un primitivo *cabiacorona* ou *saacorona*, que aludira a próximidade do Veloso co coto da Vila.

Prescindindo polo tanto de istos dous lugares, alcontrámonos con que a terra de Lobeira fornece un total de sete castros, espa-

revidos no ámbito de dez parroquias, densidade superior á da bisbarra de Celanova que dá dazaseis castros en coarenta e duas parroquias, superior tamén á da bisbarra de Melide, que conta con trinta e nove castros en cincuenta e tres parroquias é comparábel á que ostenta o val de Vilamarín con once acrópoles en trece freguesias, debéndose así e todo ter en conta pra xusta apreciación de ista densidade, que se ben no país agora estudiado hai núcleos parroquiaes de escasa extensión e curto número de habitantes como son os da Fraga, Cabaleiros, Parada, Os Baños e Santa Cristiña, que figuran respectivamente no censo de 1920, con 163, 112, 244, 439 e 347 habitantes de derecho, eisisten en troques outros como Santa Cruz, Lobeira, Santa Comba, San Xés e Grou que aparecen no mesmo censo con 640, 732, 990, 927 e 1067 habitantes de derecho, cifras realmente extraordinarias e non igoaladas sobre todo na bisbarra de Melide, onde quitada a vila epónima apenas hai freguesia que chegue ós 300 habitadores.

E se por último pomos en comparanza as extensões superficiais de todal-as terras denantes mencionadas co número de castros incluídos nelas, atoparémonos con que a densidade no país de Lobeira ven ser moi semeillante á da bisbarra de Celanova e conque é dende logo inferior á do val de Vilamarín e sobre todo á da terra de Melide, na que as acrópoles inzan con verdadeira prodigalidade, alcontrándose trinta e nove en 280 kilómetros cadrados.

Pode espricar ista diferenza a natureza montesía e pouco acolladora de unha grande parte da área xeográfica que andamos á estudar, xa que ó parecer as serras altas non eran o lugar preferido polos castrexos para asentaren os seus poboados, mais á pesares de ista relativa escaseza, as acrópoles lobeireñas coordinanse bastante ben cas actuaes freguesias e permiten o establecermos unha relación entre o antigo e o moderno habitat.


Non posémos de certo datos documentaes

que acrediten puntualmente as derivacións que imos postular, mais tendo en conta que nas más das parroquias eisisten, como logo veremos, toponimias demostrativas de que formaron parte de *villas* románs cuia orixe castrexa no noroeste peninsular albiscou a visión certeira de Alberto Sampaio (*As «villas» do norte de Portugal*) e atendendo a indudábel relación entre semellantes entidades e as fregesias de oxe non é despropósito o pensar que a mória dos nosos dez núcreos parroquiaes ten o seu berce nos antigos recintos protohistóricos.

Pra reducirmos ó seu xusto límite o ámbito da nosa investigación, compre que prescindamos das parroquias da Fraga e de Parada, que parecen térense formado en tempos relativamente modernos. A primeira constituida soio pol-a aldeia do mesmo nome, debeu quizais o seu nacemento á un casal de pegoreiros, semellante á outros cuias ruiñas vense na serra da Cabreira, mais que niste caso pasou de transitorio e temporal á estable e definitivo, e á segunda que comprende os lugares de Parada do Monte e Taboazas, podemos considerala coma un núcreo itinerario, xurdido darredor de un antigo parador ou pousada, sendo ben notar que en ningunha das duas fregesias áchanse toponimias que se relacionen cas *villas* ou cas suas dependencias.

Deixando, pois, á un lado istes dous elementos, temos que supor que as parroquias restantes na beira dereita do Avedela, ou sexa as de Grou e San Xés, derivan do Crastelo, da Coroa e do Crasto, que son as acrópoles más cercanas e situadas na mesma vertente fluvial, estabrecéndose tal derivanza por intermedio de unha ou varias *villas*, cuia lembranza perdura en San Xés, no lugar de Vilarinho i-en Grou nos de Cima de Vila e Os Pazos, sen contar conque na primeira de istas fregesias aparecen os casares de Sabariz, Cenderiz ou Senderiz e Valdemir, orixinados polos persoas xermánicos de outros tantos presores da época da reconquista, que allí asentaron os seus lares.

A relación entre a parroquia de Lobeira e o Coto da Vila é ainda más crara. A eirexa erguese no castro como sucesora do santua-



rio do deus tópico que protexía á vella colectividade pagán, e as casas dos habitantes apenas se se atreveron á abandoar a área cinguida polos fosos. E ali quedan as aldeias da Vila e das Quintas, servindo de testemuña da entidade rural anterga desprendida da matriz castrexia.

Mais as xentes adscritas ó coto da Vila, sen dúbida numerosas á xuzgar pola magnitude do recinto, deberon esterse río abaixo pola marxe esquerda do Avedela, creando un grupo de casares, que constituiu máis tarde a parroquia de Santa Cruz, na que non atopamos ningunha toponimia que faga alusión á vilas ou vilares.

En situación análoga á de Lobeira está a freguesía de Santa Cristiña de Montelongo. O castro, costruído no coto da Xulleira segue sendo o seu centro relixioso e nél emprázase a eirexa parroquial e os lugares, entre os que hai un que leva o nome de Vilariño, ordéanse ó seu pé como rexelos á beira do pastor.

A Coroa, de Santa Cristiña, queda no cabalo de ista freguesía e mirando xa pro Limia e pras fontes termais que nascen perto do seu curso. Foron estas fontes utilizadas como medicinais nos tempos románs e segundo o Limia pasaba a via militar de Astorga á Braga, número 18 do Itinerario do Antonino, unha de cuas mansións, a de *Aquis Querquernis*, situábase moi cerca do establecemento balneario. O dobre engado do camiño e das termas debiu determinar o despazamento dos castrexos da Coroa e do Coto de San Adrao, cara as terras baixas das ribeiras nas que se alcontran oxe as parroquias dos Baños, de Santa Comba e o pequeno nucleo de Cabaleiros, formado pola aldeia do mesmo nome e por escasos edifizios esparexidos.

Indicando a presenza de antigas *villas*, atopamos na freguesía dos Baños os lugares de Cima de Vila e Vilela, e na de Santa Comba os do Pazo e Quintela.

Pra asegurar máis rexamente as derivacións que postulamos, fariase necesario un detido estudo das vicisitudes de organización e arranxo porque pasou cada unha das parroquias, mais iste labor que nunca podería completarse por falla de fontes docu-

mentaes da época román e dos primeiros séculos da idade media, non había estar moi no seu lugar niste catálogo, no que soio cabe facer mención dos datos fornecidos pola topografía e as toponimias.

*Emprazamentos.* — Abonda con ollar a perspectiva representada na figura 6 para vermos que nin un solo dos castros catalogados erguese nas soás das serras ou dos macizos montesios de certa importancia. Os emprazamentos de ista caste, de cote excepcionais, fallan aiqui en absoluto aparecendo en troques a farta as acrópoles asentadas en espolóns con tres augas e ladeiras pinas e situadas de preferencia cerca das correntes de auga mais caudosas e importantes.

Das sete estacións reseñadas, somente unha; a da Coroa de Santa Cristiña, ocupa un outeiro con abas orientadas ós cuatro ventos. As restantes atópanse costruidas en espolóns e de elas catro, as do Crasto, Coto da Vila, Coroa de San Xés e San Adrao, están por riba mesmo do Avedela e ainda flaquedas a derradeira pola curso do río Limia.

Duas eran de seguro as condicións topográficas más buscadas para emprazar un castro; a fortaleza natural do sitio e o valor económico dos eidos circundantes. Vimos xa como a primeira de estas condicións cumplíase con exactitude no país de Lobeira, onde a case totalidade dos recintos achábanse asentados en contrafortes sen outro acceso practicable que a faixa do terreno que os une ó macizo de que forman parte, e arredados no resto da sua volta por desniveis considerables, longos e pouco doados de gabear e por veces verdadeiramente fragosos e impo-lientes.

Non aparece en cambio tan craro o relativo ó aproveitamento dos eidos circundantes é en xeral das terras seforeadas por cada colectividade castrexia. De certo que os torróns chegados ás marxes dos ríos son dende logo más lenturentos e abrigados que os lombos das serras, e que ista circunstancia podería xustificar a situación de catro acrópoles a beira mesma do Avedela, mais alcontrámonos ó mesmo tempo co feito contrario de non atoparse, nin unha siquera se quitamos a de San Adrao, colocada perto da Limia, cujas

ribeiras axeitanse millor que as de aquil río pro desenvolvemento dos trabállos agrícolas.

Pol-as referencias das fontes literarias coetaneas e pol-o material que a arqueoloxía nos fornece, sabemos que o vivir dos castrexos descansaba con mais força na gandeiria, na caza, na pesca e na colleita de certos produtos naturaes que n-unha agricultura desenrolada e estesa, e tendo en conta tal circunstancia podese supor que o que se buscaba con mais cobiza era a proximidade das serras que ainda oxe sosteñen de maniera principal os gandos e as avenzas e nas que habería de acharse tamén fartura de caza e de froitos comestibleas como as landras cas que se facía asegún testemuña de Estrabón (III, 3,7) unha especie de pan. E confirmando ista nosa crenza vimos alcontrar en pleas serras da Cobreira, o Crasto e o Crastelo, o pe de ela a Coroa de San Xes; por baixo do inxente macizo do Viso, o coto da Vila e o coto de San Andrao e senioreando de seguro a vertente oriental das Motas e a serie de lombos que baixan cara a Limia, o coto da Xulleira e a Coroa de Santa Cristiña.

Mais é indudable que existía asimesmo, anque sen alcanzar grande intensidade, unha agricultura que procuraba pol-o menos gramineas e leguminosas, como aquellas cuias sementes carbonizadas atopáronse hai pouco ó escavar n-un castro do norte de Portugal. É de crer que as leiras destiñadas a istos cultivos estiveran situadas de preferencia, como ainda o están oxe as terras de labor, perto dos poboados, mais ó aludir a tal asunto convén que nos fixemos nas vedacións que se estenden pol-a serra moi próximas ó recinto de Crastelo.

Sinalouse xa a presenza de ista caste especial de cercas, a beira de castros do Minho portugués e tense suposto se nos tempos anteriores a conquista román non servirían pra cotar árees cultivadas. En realidade non hai razón ningunha, fora da sua actual inutilidade, que abone o aporille unha orixe tan remota. Os muros das tapadas dos mouros son de un feitio corrente no día en case toda Galicia e por outra parte é sabido que o pobo non vacila en atribuir a mouramia calquer obra antiga, habendo eirexas romá-

nicas e pontes e castelos gólicos que se din por ela costruidos.

Mais o que fixo medrar o noso escepticismo con respecto a filiación castrexa de semellantes vedacións foi o observarmos que n-outro lugar do Cobreira, desviado mais de un kilómetro do Crastelo, voltan apareceren as tapadas n-un lugar que leva a significativa denominación das Porqueirizas, e que dentro de elas vense numerosos alicerces de casas circulares e rectangulares, que ostentan un aparello por completo diferente ó das casas das citanias, i en cuio interior non atopamos, após de unha escavación fonda, mais que terra anegrazada que non contiña nin siquer un testo cerámico.

Parece pol-o tanto que o mesmo as cercas das Porqueirizas que as que aveciñan co Crastelo, son causa avencellada co pastoreio de facendas e avenzas en épocas relativamente modernas e coidamos que un estudo encol das particularidades de iste pastoreio aclararía de maneira definitiva o destino das tapadas dos mouros, cuia íntima relación cos castros demostraríase tan sólo c-un ensame botánico das especies que se criannos terreos cotados, pra esculcar se entre elas medran as que sabemos eran precuradas polos castrexos, algunas das cales danse como desparecidas ou extinguídas no noroeste peninsular.

*Feitura e grandor.*--Presentan feitura elipsoidal os castros da Coroa de Santa-Cristiña, Xulleira, Crasto, San Andrao e Crastelo, e circolar, sen rigorismo os, da Coroa de San Xes e Cojo da Vila, non existindo ningún que ostente lados rectos coma os que se observan na bisbarra de Melide, nas estacións de castro de Lobos e de Visantofía e na de Celanova, na de Vimieiros.

Reside en cambio a principal característica dos castros da terra de Lobeira na escaseza de grandes recintos ben aplaniados que tanto abondan n-outros lugares de Galicia. Pol-o xeral respeitouse aquí a forma cónica dos emprazamentos, por causa sen dubida das penedias que con frecuencia afroran n-iles, e sólo na Coroa de San Xes e no coto da Vila aparecen espacios chairois de algúna estensión, quedando as plataformas ter-

minaes reducidas nas demais acropoles, a terrazas mais ou menos estreitas ordeadas darredor dos grupos de penedas.

Outra particularidade notábel de istos castros é a de seren todos de recinto unico, non sinalándose ningún caso de plataformas duplices dispostas en xeito concéntrico nin tampouco de antecastros axuntados a calquera das bandas da fortificación principal, debéndose facer observar a tal respecto que non consideramos como verdadeiros recintos as terrazas determinadas pol-o debalo das penedas ou por pequenos calzos ou arribadas, costruidas en ocasións modernamente, e das que hai farta no coto da Vila e n-outras estacións do país catalogado.

As mensuras das mais de estas estacións son as normaes e correntes nos castros de toda Galicia, destacando de entre elas en troques pol-a sua extraordinaria magnitud as que corresponden á Coroa de Santa Cristiña con  $210 \times 101$  metros e ó coto da Vila con  $392 \times 397$ . As primeiras de estas medidas son por completo seguras por acharse o recinto central esactamente determinado pol-as ladeiras do monte que van morrer en n-un foso abierto ó seu pe, mais estas condicións favorables non se dan no coto da Vila que soio conserva restos de foso n-un pequeno recanto da sua volta e que non presenta por ningures parapetos ou nírios terraprens artificiales capaces de indicar a verdadeira estensión da área cercada, cuia mensuración realizouse tanteando o posibele prolongamento do foso, que ven coincidir ca línia en en que paran as terrazas e comenza o descer mais violento das ladeiras cara o río i-en que aparece asimismo unha especie de espolón, de un tipo que xa temos ollado n-outros castros galegos.

E conven insistir nas aclaracións e ainda nas reservas sobre de iste punto, porque de seren esactas as nosas medidas resultaría o coto da Vila a estación castrexa meirande de todas as estudas deixa agora no noroeste peninsular abondando pra demostrarlo o reproducir as cifras expresivas da lonxitude dos eixes dos castros millor conocidas ou tídos como de grandor mais considerable:

## NÓS

Castro Morgadan . . .	73 X 365 metros.
A Cidade das Lás . . .	110 X 283 >
Citania en Briteiros . . .	250 X 150 >
Castro de Sabroso . . .	180 X 100 >
Castro de Terroso . . .	85 X 60 >
Castro de Troña . . .	120 X 200 >
Castro de Meirás . . .	121 X 108 >
Castro de Samoedo . . .	197 X 350 >
Castro de Trelle . . .	212 X 170 >
Castro de Souteliño . . .	98 X 101 >

Dan ideia estas cifras non solo da estensión singular do coto da Vila, atal e como nós a medimos, se non tamén da magnitud infrecuente que ostenta a Coroa de Santa Cristiña, que pode clasificarse entre as estacións castrexas mais desenvoltas da Galicia e do norte de Portugal.

O grandor de estas duas acropoles fai que as mensuras medias da totalidadade dos castros da terra de Lobeira suban a  $131 \times 115$  metros, media superior a que alcanzan as outras bisbarras que foron obxeto de catalogación como pode comprobarse cotexando aquelas cifras cas seguintes:

Val de Vilamarín . . .	59 X 70 metros
Terra de Celanova . . .	125 X 110 metros
Terra de Carballiño . . .	124 X 103 metros
Bisbarra de Melide . . .	59 X 70 metros

Apricando as áreas medias dos castros agora catalogados ó cálculo, en certo modo arbitrario, que arriscamos na bisbarra de Melide, calculo eiqui ainda menos seguro pol-o conxetural dos eixes do coto da Vila, poderíamos hipotetizar como desigualmente distribuída entre as sete acrópoles da terra de Lobeira, cuias áreas son como xa vimos moi pouco homoxéneas, unha poboación de 2625 habitantes, que dividida pol-os 160 kilómetros cadrados do país que andamos a estudar, ven fornecer un cociente de 16 habitantes por kilómetro cadrado, ou sexa algo menos da metade dos 35 que dan as cifras tiradas do censo de 1920.

*Defensas.*—Os sete castros catalogados son moi pobres en manifestacións de arquitectura militar. Conservan restos de un foso, os de San Adrao, Coto da Xulleira e Co-

roa de San Xés; vestixios de foso dúplice o do coto da Vila e foso ben conservado en case toda a volta e con vestixios de outro o da Coroa de Santa Cristiña. Terrapren con revestimento de pedras secas vese somente na Coroa de San Xés e a existencia de unha obra análoga parece adiviñarse na banda oriental do coto da Xulleira. Alcóntranse en cambio nos mais dos recintos descritos pequenas terrazas que no coto da Vila abondan de maneira extraordinaria e das que pode supôrse pertenesceron, polo menos en parte, a un sistema de socalcos semellante ó que existe en Numancia (M. González Simancas. *Las fortificaciones de Numancia*. Memoria n.º 74 da Junta de Excavaciones). Mo mesmo coto da Vila e na liña en que rematan as derradeiras terrazas obsérvase un alongamento bicudo do terreo que coidamos xogou rol de baluarte, batindo de flanco as ladeiras que suben dende a corrente do Anvela. Dispositivos de ista caste anque non de tanta magnitud foron sinalados no val do Douro (Gómez Moreno. *Sobre arqueología primitiva de la región del Duero*. «B. de la A. de la Historia» vol. XLV, pág. 147) e ollados por nós na terra de Dozón.

E compre salientar agora o feito raro e extraordinario de non terse atopado nin parapetos ainda ergueitos coma os que se miran en moitos castros, nin señas evidentes da sua presenza. É certo que as más das acrópoles da Terra de Lobeira áchanse emprazadas en lugares de grande fortaleza natural e que ista circunstancia podería motivar que no canto das murallas de pedra se construiran empalizadas imitantes as que defendian os *oppida* de Britannia (César, *De bello gallico*, VI, 4; VIII, 3. Estrabón, IV, 5, 2); mais emprazamentos de ista clás, en espolóns montesios flanqueados por ríos e por corgas, hainos a fartura nos países dos antigos Vacceos e Celtiberos, nas Galias e tamén na Galicia, e non escruien nin moi menos a aparición de murallas, que xuntamente con outras defensas fanse mais rexas nos sitios en que o espolón prominente úñese ó resto do monte, e xa vimos coma nos castros da terra de Lobeira óllanse tales sitios pouco menos que desprovistos de fortificacións. Nalgúns de iles como no coto da Vila, no da Xulleira

e na Coroa de San Xés pódese xustificar o esborrallamento total das ditas obras defensivas polas necesidades da agricultura ou pola construcción de casas e camiños no lugar que elas ocupaban, mais as razóns de tal finde non son apricables ó coto de San Adrao, que de seguro non foi cultivado nunca, nin moi menos o Crastelo e o Crasto, situados en plena serra e bastante lonxe das aldeias e das terras de labor.

Istes problemas da ausenza de parapetos e da case indefensión de lugares acesibleis soio poden enunciarse aquí, pois prá seren resoltos e aclarados de maneira definitiva, precisarián de traballos esporáticos intensos e dirixidos con método, xa que é sabido que moitas das nosas acrópoles non denunciaron o arranxo das suas defensas se non após de unha escavación detida.

E non rematuremos iste apartado sen decir que en ningún dos castros catalogados vimos as áreas de pedras espetadas que protexen a moitas estacións similares de Zamora, ó castro das Cogotas e ó soriano de Tanife, e cujo recente aparecemento no Castelo da Cidadelha, perto de Chaves (P. E. M. Alves, *Chaves. Apontamentos arqueológicos*, páxina 39) e incruido polo tanto nos confins do noso circo cultural, fixo que extremáramos a nosa atención a tal respecto, anque con resultado por completo negativo.

*As portas.*—A falla de parapetos e o mal estado de conservación da moria dos fosos, fai que non se poda determinar con exactitude a situación de ningunha entrada e moi menos a ordeación dos seus elementos. Tan sólo na Coroa de Santa Cristiña e na sua banda do nordeste, atopase no foso unha solución de continuidade que quizais se deba interpretar como unha entrada en canella estreita, e no lado noroeste o anaco de camiño coberto, de que xa falamos, que no estado en que oxe se alcontra, sen ligación cas obras do foso, non pode asegurarse de ningún xeito que formara parte de unha entrada con fortificacións.

*O abastecimento de augas.*—Non hai en ningún dos sete castros da terra de Lobeira, fonte, puzo ou reservorio visíbeis ou con

trazas de antigüedad. Moi perto da Coroa de Santa Cristiña xurde a fonte do Ouro e algo por baixo outro manancial aproveitado na actualidade.

A provisión de auga das máis das estacións estudadas non era difícil en días de paz pol-a proximidade de ríos e regueiros, mais elo non escruie a existencia no interior dos recintos de fontes agora estiñadas ou cegadas como as que se descubriron nas escavacións da cidadela de Briteiros e na cidade das Lás, debéndose advertir ainda que se o alcontrar auga en Galicia, abrindo un puzo ou unha mina, non é nunca causa complicada, tal tareia habería de resultar extremadamente sinxela n-iste país de Lobeira, no que as innumerábeis fontelas e os regueiros más pequenos decorren sempre e no que as levadas asolagan os camiños no medio do vran.

*As habitacións.*—Asegura Díaz Sanjurjo que na Coroa de Santa Cristiña atopou téguas de fabricación, naturalmente román. Telhas da mesma caste recollimolas nós no coto de San Adrao, no que andan tamén esparexidas pedras que teñen a feitura dos cachotes empregados nas casarellas castrexas. Na Coroa de San Xés, din que se descubreron muradellas situadas que é de supor pertenezan a construcións do mesmo xénero.

Son istos os únicos datos que acadamos acerca da existencia de habitacións permanentes nos castros incruídos n-iste fascículo do noso catálogo, más non por elo negamos a posibilidade de que as haxa en todos iles xa que as veces non denuncia a sua presenza ningún vestixio exterior. Recentemente uns buscadores de tesouros puxeron ó descuberto paredes de casas no Castromao de Celanova, estación na que non afiraban alicerces nin se vian por ningures cachotes nin pedras con labra.

*Os obxetos asoellados.*—Redúcense ás cerámicas lisas e de tipo castrexo da Coroa de Santa Cristiña e do coto de San Adrao, as cerámicas con riscos e as lanzas de cobre da Coroa de Santa Cristiña, os roxóns de fundición de ferro do coto da Vila e da Coroa de San Xés e os muiños de man e o martelo de mineiro do coto da Vila.

A mória de istos achádegos son vulgares en todos os castros. Os testos con adornos riscados da Coroa de Santa Cristiña, que poderían prestarse a comentario, teñen un tamaño tan cativo i-están en tan mal estado de conservación que non deixan dixerar o motivo decorativo que os enfeitaba, i-en canto ós roxóns ou escorias, correntes así-mismo nas acrópoles galegas, veñen acreditarse somente, unha vez máis, a intensidade con que era practicada a metalurxia do ferro nos nosos tempos protohistóricos.

Ofrecen en cambio subido intrés as lanzas de cobre e o martelo de mineiro. Non temos por disgraza encol das primeiras más informacions que as que nos fornecen unhas liñas de Barros Sibelo e o deseño que as acompaña, liñas decerto pouco precisas e deseño ó que non é posíbel prestar absoluto creto por aparaceren na mesma lámina reproduccións de dixertos obxetos, algunha das cauas soméllase moi pouco ó orixinal.

Xusgado pol-a materia, que asegún se di, serviu pra fabricación de tales lanzas e pol-a feitura e delgadeza do espigo de mangaxe, teríamos qae coidar que se trataba de puntas de cobre das chamadas de Palmela, caste de arma ofensiva, ben representada no noroeste peninsular, onde se sinala a sua presenza nas sepulturas eneolíticas de Vilavela, Monte das Cabras São Bento de Balugães i-en achádegos soltos de Samarugo e Melide, podéndose citar ainda duas puntas más de isto tipo, que se alcontran no Museu de Ourense, catalogadas como procedentes de Galicia, anque sen espresión de localidade.

Mais debemos fixarnos por outra parte en que Barros Sibelo califica categóricamente istas pezas de lanzas i-en que no deseño percibense con enteira claridade as cristas longitudinals que resaltan no centro das follas, cabendo pol-o tanto o supor se non serían verdadeiras lanzas de alvado, como as de Covapodre, en Hío e a do castro de Picote, en Miranda do Douro, usadas xa nos derradeiros do bronce e que seguían a empregárense nos tempos do ferro, asegún testemuña Estrabón (III, 3, 6) cando fala das lanzas de bronce dos antigos galecos, lanzas que moi probabelmente son as mesmas que em-

puñan algúns dos guerreiros representados na diadema de Ribadeu.

O martelo de mineiro do coto da Vila é o primeiro util de iste xénero alcontrado en Galicia. Tiñase noticia, denantes de agora, de un fermoso martelo con furas, feito de pedra e atopado nunha mámoa da bisbarra do Ortegal, esprorada por Federico Maciñeira (*Investigaciones prehistóricas en Galicia*, «Ilustración Artística» n.º 684. Febrero 1895) e de un estrano mazo de diorita con porción adelgazada pra empuñalo e grossa moxa terminal, que Barros Sibelo *Antigüedades de Galicia*, pax. 45 e lámina adxunta), di atopada nas escavacións emprendidas pra desecaren a lagoa Antela, por D. Toribio Izcar Sanz e D. Xerónimo Romero Aspiroz, mais o típico martelo de mineiro con garga, pra suxeitar as barazas que o unian ó mango de madeira, non se sinalara até oxe na nosa terra.

Está en troques ista caste de instrumento, estesa fortemente por toda a Península, e abonda de maneira principal nas minas de cobre esprotadas no eneolítico. O inventario dos martelos de mineiro, peninsulares foi redactado por Josep de C. Serra Refols *Els començaments de la minería i la metal-lurgia del coure a la Península Ibérica*, «Bulleti de l'Assoc. Cat. d'Antr. Etnol. i Prehistoria» vol., II fasc. 2.º 1924, páxs. 147 e segts), e niste traballo pode verse como aparecen en Rio Tinto, Rodeo del Madroño, Monte Romero, Valdelamusa e n-outras minas da cunca cuprífera de Huelva; en seis localidades da provincia de Sevilla, en varias das de Córdoba e Ciudad Real; en tres da de Almería; en catro estremezas e nas portuguesas de Ruy Gomes, Herdade do Bargalho, Monte Yuden e mina de Santo Estevão.

Martelos de iste xénero tñense atopado tamen no «Castillo» (Avila) e n-outras estacións argáricas. (J. Cabré. *Instrumentos tallados en cuarcita en el argárico de la provincia de Avila. Actas y Memorias de la S. S. de A. E. y Prehistoria*. vol. X, 1931, pax. 293).

Mais o martelo do Coto da Vila prantexa pol-a sua parte doulos curiosos problemas de cronoloxía e de utilización. E sabido que nos castros galegos é rarísimo atopar material

arqueolóxico que non sexa posthallestático e que non eisiste elquí a superposición ou mistura de cousas peculiares do eneolítico e dos tempos do ferro, que se observa en Chibanes, Cerro del Berrueco e Las Cogotas, esprixándose o achádego nas nosas estacións castrexas de machadiños de pedra, pol-a sobrevivencia amuleética de tales obxetos. Mais o martelo que nos ocupa, cos seus 28 centímetros de comprimento, que o colocan entre os meirandes da serie peninsular conocida, non parece que poidera ser usado coma amuleto portátil, ó xeito dos pequenos machados de pedra, que ainda na actualidade se levan, metidos nunha bulsa e encolgados no pescozo en certas rexións de Castela.

O mais probabel e que estemos diante de un caso de perduranza de ista clas de uteis, idéntico ó que se deu no Cerro Muriano, onde os martelos de mineiro foron asoellados no medio de cerámicas romás, circunstancia que fixo que o mesmo Hernández Pacheco que Serra Rafols se inclinaran por unha solución coincidente ca que nos propomos.

Pol-o que toca á utilización do instrumento que nos ocupa debemos advertir en primeiro lugar que nin no Coto da Vila nin nalguns kilómetros darredor hai minas antigas ou modernas e que non sabemos tampouco que haxa por ali ningún xacemento de mineiraes aproveitables, mais o aparecemento de martelos de mineiro en lugares en que non eisisten minas, feito que se da o mesmo na Península que fora de ela (véxense Dechelette *Manuel...* vol., I, páxs., 528 a 530) amostra que semellantes uteis empregábanse tamén n-outros traballos. No castro das Cogotas (J. Cabré, *Excavaciones de las Cogotas, Cardenosa (Avila)*, memoria n.º 110 da Junta de Excavaciones) e n-un medio xeolóxico granítico e sen trazas de minas, recolleuse hai xa tempo un martelo de mineiro que non presenta señas de labra. Nada podemos arriscar encol da utilización de iste martelo aparecido asimesmo n-un castro, mais pol-o que fai relación ó do Coto da Vila, asoellado n-un lugar no que se atoparon restos de fundición, quizais non forá despropositado o coidar se usaría pra esnaquizar o mineral de ferro que ali había de recibir tratamento n-un forno adecuado.

*A veciñanza con outros xacementos arqueolóxicos.*—Os mais antigos vestixios de ocupación humán que eisisten na terra de Lobeira son duas grandes necrópoles de mámoas con anta, que se sitúan no alto dos montes das Motas e do Viso e na soá da serra de Leboreiro (F. L. Cuevillas, *As mámoas do concello de Lobeira*, «B. de la A. Gallega» números 170 e 171, 1925). Están estas necrópoles coma outras moitas de Galicia colocadas nas chas que coroan importantes macizos monteiros, emprazamento tan buscado pra ergumento de mámoas como pouco cobizado pra construcción de castros. No interior das antas, todas de planta poligonal e sinxela, agás unha que presentaba un inizo de corredor, alcontrouse un material ben escaso, e ainda atopado case por completo n-unha sepultura que hai algo por baixo do santuario do Viso. Consistia tal material na pedra dormente de un muíño de man non circular, n-unha bela punta de saxeta de seixo cristalino, en testos de vasixas ca superficie alisada, propia da cerámica das antas i-en outros testos adornados con decoracións de riscos fondos do tipo da Penha.

Os castros que quedan mais perto da necrópole das Motas e do Viso son o Coto da Xulleira e o Coto da Vila, e o mais próximo ó grupo de mámoas da cima do Leboreiro é o Crasto, mais ista proximidade non é tan grande, que permita albiscar, nin tan siquera baixo o punto de vista topográfico, unha relación entre acropoles e necrópoles.

Posibelmente coetáneas dos enterramentos en anta son as tres estacións de arte rupestre que foron descubertas e estudiadas ó mesmo tempo que se facía a presente catalogación. A mais importante de estas tres estacións é a de Penafranqueira, situada a menos de un kilómetro e cara ó suleste do Crasto. As insculturas, todas elas, intresantes estilizacións da figura humán, estéñense por unha penedía que afrora en crista alongada, e aparecen no lado que se ourenta pronacente. Os outros dous grupos restantes, chamados Pena das sete cruces e Penafiel, que conteñen solo sinxelos sinos cruciformes, emprázanse case no alto da Cabreira, por riba e bastante desviados do Crastelo.

Nos tempos imediatamente anteriores á in-

vasión román estaba a terra de Lobeira habitada pol-a tribo ou *civitate* dos Querquenos, así nomeados por Plínio (III, 4) que os cita na descripción do convento xurídico de Braga, apóis dos Limicos. A mesma tribo aparece desfiada, Cuacernos, e ca mención das *Aguae Cuacernorum* nas táboas tolomeicas (II, 6) e atópase por cabo escrita Quarquenos, entre as dez civitates adiacentes da pedra da ponte de Chaves (C. I. L. II, 2477).

A localización dos Querquenos ou Quarquenos no val medio do Limia queda asegurada pol-o emprazamento das *Aquis Querquernis*, coarta mansión da vía militar de Braga a Astorga, número 18 do Itinerario de Antonino Pio, situada por case todolos comentaristas nos Baños de Bande e cuios restos descobriu un de nós, como logo imos ver, moi perto de aquil estabrecedemento balneario e cerca tamén da corrente do Limia.

Pol-o leste testaban os Querquenos cos Limicos e pol-o sul debían tocar cas extremas dos Calecos ou Galecos, tribo eponima da Galecia, que vivia asegún Plínio (IV, 34) ó norte de Braga e asegún Estrabón (III, 3, 2) en terra de moita montaña, precisóns que permiten colocala nas duas vertentes do macizo que preside o Xurés, sendo ben notar que case ó pé de il e no val do río Pacín, eisiste unha aldeia chamada Galez, que semella derivar de un *Galeci* que houbera recibido igoal tratamento fonético que convertiu en Allariz i-en Sabariz os primitivos *Alarici* e *Sabarici*.

Outro indicio topónimico de intrés é que nos fornece o nome de Grou que se usa correntemente pra desfiar a parroquia de San Mamede, mais que no nomenclador oficial aparece esteso asimesmo as de Cabaleiros e Santa Cruz, ocupando de iste xeito as duas beiras do val baixo do Avedela. Iste nome de Grou parece relacioarse co radical de Grovios e cas primeiras partes das denominacións divitias *Croningtonadigoe* (C. I. L. II, 2565) e *Crouceaimacareaicicoi* (Hüller, M. L. I. XLVIII e LVIII e tamén Schuchardt, *Die iberische Deklinatón*, páxinas, 38, 46 e 61), sendo de seguro de natureza céltica (José Leite de Vasconcellos, *Religiones da Lusitania*, vol., II paxs., 74 a 77) e de-

béndose advertir que as toponimias posiblemente derivadas de aquela raíz, abondan de maneira extraordinaria, baixo as formas, Grovea, Grovia, Groiva, Gróvos, Grova, Grovas, Grove e Grovelas, o mesmo en toda Galicia que no norte de Portugal (José Leite de Vasconcelos, *Os Grovios*, «O Arch. Port.» vol., X, paxs., 287 e segts.), podéndose coñecer que procedan mellor de unha serie de denominanxas saídas de unha mesma palabra céltiga, que do soio nome dos Grovios, i-estando n-iste caso xustificado o creer que o Grou das tres freigresías da terra de Lobeira, correspondece co nome de unha antiga *gens* da *civitatem* dos Querquernos, establecida na estremidade meridional do país en que ela se asentaba.

Nos tempos do emperador Vespasiano foi atravesado o borde oriental de iste país pol-a vía militar a que denantes nos referimos, via que cruzaba o Limia por unha ponte que ainda se conserva non lonxe de Cabaleiros. O mesmo tempo deberon facerse as obras dos edificios mansionarios das *Aquis Querquernis* e comenzarian a seren utilizadas as termas dos Baños. Anos apóis abriuse un camiño secundario que partindo de aquela mansión endereitábase cara os vales da Arnoia e do Miño, e do que quedan a mais de esplanacións e muros que se ollan perto de Cadós, dous miliarios, un de Constancio II alcontrada en San Lourenzo de Cañón (C. I. L. II, 4852) e outro de Caracalla atopado en Barxiña (C. I. L. II, 4876-6235).

A existencia da mansión cas suas dependencias, empregados e guardas, o aproveitamento das termas dos Baños e a circunstancia de estar ali situado o punto de empalme de un camiño secundario son causa de que n-iste recanto da terra dos Querquernos aparezan con grande e infrecuente prodigalidade os vestixios da dominiación romana.

O emprazamento da mansión reconécese ainda algo cara ó sul dos Baños. Ocupaba uns terreos colocados entre o río Limia e a estrada de Ourense a Portugal, que se miran agora inzados por compreto de pedras soltas e de anacos de téguas. N-unha escavación que n-iste sitio realizamos e que houbo de ser suspendida pol-a oposición dos propietarios das leiras, descubríuse un longo muro de cacho-

te, de tres metros de ancho e revestido nas suas duas caras, por paramentos *isodomon* de pequena silleiria ben apiconada. O pé de iste muro asoellaronse téguas, imbrices e algúns testos de *terra sigillata* (*A mansión de Aquis Querquernis*, NÓS, 1924).

A via número 18 pertecían tamén tres pedras miliarias erguidas cerca da estanza mansionaria. Fala da primeira (C. I. L. II, 4851) Castellá Ferrer que a viu nos Baños de Bande e que di marcaba XXXVIII millas a Braga. A segunda (C. I. L. II, 4851 a) foi estudiada no ano de 1720 pol-o P. Sarmiento en Santa Comba, i-estaba en tal mal estado que non pudo ser descifrada e a terceira, de Maximino o Godo e igoal a outras que comemoraban as reparacións efectuadas no camiño militar pol-o dito emperador, desatuouse no lugar de Porto-Quintela, entre os Baños e Santa Comba, e foi lida e publicada por un dos firmantes de iste traballo (véxase, revista NÓS, 1924).

Os restos das antigas termas dos Baños descobrironse ó arrombar as modernas e consistian en basas, fustes, capiteis e téguas, sinalándose asimesmo n-iste lugar o achádegoo de un fermoso busto de un lexicionario, feito en marfil, e que está oxe no Museo Arqueolóxico de Ourense (Díaz Sanjurjo, *Los caminos antiguos y el Itinerario n.º 18 de Antonino Pío*. «Boletín de la C. de M. de Ourense n.º 42, páx. 319»).

Non é de admirar dados istos antecedentes que nos Baños i-en Santa Comba estea situado un dos puntos de máis densidade en epigrafía románica de toda Galicia, situándose nas devanditas aldeias as seguintes lápidas:

Nos Baños:

Adicación de Boelio Rufo ás Ninfas, seguramente as das augas das termas (C. I. L. II, 2530).

Adicación de Flavio Segundo a Car., be (C. I. L. II, 2531).

Outra pedra adicatoria da que non se conservan más que as siglas V. S. (C. I. L. II, 2532).

En Santa Comba:

Adicación de Maxumo Lovessio ós Lares Viales (C. I. L. II, 2518).

Adicación de Lucio Didio Marino, prefecto da cohorte miliaria, a Iulia Augusta, mae dos

acampamentos e dos Augustos (C. I. L. II, 2529).

Unha grande ara de marmore con burato pro lume ritual e ca inscripción picada, que está no interior da eirexa visigótica de Santa Comba.

Unha laxa de mármore recadrada con molduras e con todo o aspecto de unha lápida anque sen epígrafe visibile que se alcontra no mesmo lugar que a anterior.

Unha lápida recadrada con molduras que sive de pedra pra lavar a roupa na fonte que hai ó pe da eirexa de Santa Comba. E de grá e ten a inscripción borrada por compreto.

Como se ve as duas vías xuntamente co núcleo mansionario representaban dentro da terra dos Querquenos un forte centro de romanización, mais dase eiqui o caso, corrente

en Galicia, de que a cultura do pobo invasor e colonizador non traspasa aparentemente a llinde dos camiños por onde circulaba a vida oficial do Imperio. Non sabemos se tal fenómeno obedecerá a unha sinxela falla de inzamento de certas manifestacións de aquela cultura e que non afectaría a outras, ou se haberá no fondo unha verdadeira impermeabilidade entorgada na i-alma popular cara as cousas alleas, mais compre consinar o feito de que quitados os abondosos restos das *Aquis Querquernis* e das suas proisimidades inmediatas e os tellóns a que atrás nos referimos e que foron atopados na Coroa de Santa Cristiña e no coto de San Andrao; non se rexistra no resto do país catalogado ningún achádegoo nin vestixio, ningunha lápida, sepultura ou ara que poda calificarse de román.

## CONSIDERACIONES FOLK-LÓRICAS

Dos sete castros catalogados na terra de Lobeira, soio catro, os da Coroa de Santa Cristiña, Crasto, cota da Vila e San Andrao, teñen folk-lore. Os tres restantes ou sexa os do coto da Xulleira, Coroa de San Xés e o Castrelo carecen de il ou pol-o menos non os deron razón da sua existencia.

*Os habitadores dos castros.*— Son como decote, os mouros, os principaes habitadores dos castros, más eiqui non aparecen case que nunca a maneira de xentes pretéritas e desparecidas se non como presentes e actuantes. Agás no caso do coto de San Adrao, onde se dí que *trínan* unha capela e un mirador, viven ainda entre nós a sua existencia estrana e soterrada, anque non carente de traballos e cuidados, e o mesmo nas penedas da Labugueira que ó pe da Ponte Avedela, ouvese o choclear dos seus teares. Mais o traballo cotián non escruie os divertimentos nin as festas, e na Coroa de Santa Cristiña, ve unha muller, beilar ós mouros ó compás de unha tocata de gaita.

Ruido de tear e sonido de músicas son cousas correntes nos sitios de mourindade e que se comentaron xa n-outros fascículos de iste catálogo. Menos frecuente, pol-o menos no

sul de Galicia, é que os mouros revistan formas xigantescas.

Tropezáramos si, no castro de Trelle, c-un xigante moi grandísimo, con ollos de boi que se presenta a un rapaz que raña inadvertidamente c-un coitelo n-unha peneda, más non volvéraramos nunca a atopar con seres de ista natureza. No norte da nosa terra semella que os xigantes andan más a fartura que na rexión meridional e ali aponse a construcción de moitos castros a unha raza de mouros de talla desmesurada, e ainda se fala das loitas que mantinhan os que vivían no castro de Lubre cos moradores do de Guisamo (ver. Ansel del Castillo, *Los Castros Gallegos*, páxinas 23 e 24).

É moi posíbel que n-ista identificación dos mouros cos xigantes poda reconocerse a presenza de duas castes de seres miticos de orixe por compreto distinto, sendo os primeiros, i-en parte pol-o menos, lembranza dos castrexos históricos e os segundos titáns ou seres de natureza etónica, dos que hai ei-siemprós abondosos nas mitoloxías e de xeito especial nas indo-xérmánicas.

Nas penedas da Labugueira, alcontramos tamén unha pantasma branca. Pol-o nome de pantasma e pol-a brancura pode coidarse

que se trata da aparición do espectro de un morto, que se trasladou dende o adro parroquial a aquelas penedas.

*Os tesouros.*—Hainos na Coroa de Santa Cristiña, na Porta do Mouro, na cota da Vila e na cota de San Adrao.

Sabemos que o dono dos haberres da Porta do Mouro é un xigante, i-e de supor que os demais acobillos sexan causa da mourinidade que atuaría os seus cofres asegún o mandado de que se fala no Códice Calixtino. Ignoramos asimesmo se sobre tales tesouros pesará o poder de algún feitizo. A única referencia que encol de iste asunto acadamos foi a relativa á inutilidade dos traballos dos tres veciños de Facós, que quizais gastaron en van o seu tempo por non fixárense no encantamento dos obxectos preciosos que buscaban.

*Os soalleiros.*—Están os soalleiros relacionados por veces cos tesouros. Lugares hai en que as cousas asoelladas son todas de grande valor e n-outros en que son sinxelamente grán de millo.

Na Coroa de Santa Cristiña, onde aparecen ligados os misterios da noite de San Xohán, non pode determinarse a sua natureza porque os mouros fuxen aixiña co-iles. N-unha segunda versión os soalleiros convirtense en tendas mais non se alcontra, termendo de elas, moura ningunha que pregunte se se prefire a tenda ou a tendeira e que bote maldicións se non se certa na resposta axeitada pra provocar o seu desencantamento.

A moura do outeiro do Crasto, no Coto da Vila fai tamén os seus soalleiros, mais non se espicifica a sua calidade.

*O desencantamento dos tesouros.*—Acadamos un soio caso na Porta do Mouro e ainda iste revestido de un aspecto especial, xa que os desconxuros van unicamente endereitados a obrigar o xigante que se presente pra supricarlle despois que entregue unha porción dos seus coantiosos haberres.

*No modus operandi.*—Cos detalles do circulo, das cruces no chan e no ar e da lectura no libro hai unha segura contamiñación das

maneiras peculiares pra invocar o demo, contamiñación que se fai mais patente cando o xigante pregunta a forma en que se ha presentar. Nos libros de maxia é sabido que o invocar o demo coídase sempre de decirlle que non colla aparenzas temerosas e que saia de un modo apacible e grato. Eiquí o mozo que viñera hai pouco do servizio, demanda soio unha parada militar e o xigante pónselle diante a il, e os seus compañeiros, con toda a sua brutal grandeza que rubia mais alta que os outeiros da serra.

E dina de térese en conta asimesmo a circunstancia de que o mal eisito da operación máxica débase á falla de concordia e de boa avenenza entre os operadores. Na parroquia de Velle e localizada na chamada serra de Mosteironda, recollimos nos derradeiros de 1932 unha lenda en que varios veciños da freguesia fracasan no seu intento de atopar unha trabe de ouro, porque en vez de illa buscar xuntos i-en boa armonía, van separados e ás escondedelas, querendo cada un sacar pra si todo o proveito.

Parece pol-o tanto que pra chegar a conseguir alguns dos nosos tesouros compre levar intencións puras e non ter a ialma lixada por cobizas nin envexas.

*O año branco.*—Pra desencantar o tesouro do castro de Mourillós, fai falla botarlle un gato negro á témera que o garda, e pra apoderirse dos haberres do castro de Ourille necesitase dar como prenda un rexelo branco cos dentes negros. O xigante da Porta do Mouro pide en troques un año branco e sen lixo. Dírlase que os guardiáns dos tesouros da terra de Celanova, a que pertescen aqueles castros teñen un carácter infernal e demoniaco a xuzgar pol-as ofrendas que demandan xa que o gato negro é un animal goético e goética é tamén a negrura dos dentes do rexelo. O xigante do país de Lobeira cixixe en troques un animal puro como se a sua natureza, fora mais benéfica, sendo better en conta a iste respecto que soio se retira e rompe a conversa cos desencantadores cando os ouve rifar e por de manifesto a sua pequenezza de espírito.

*A vida sobterrea.*—Que os mouros viven baixo da terra queda amostrado nas lendas

da Coroa de Santa Cristiña e nas do coto da Vila. Na primeira a muller que ia cas oveñas, viu pol-a porta que se abriu como moita xente beilaba dentro. Nas penedas da Labugueira ouviese tecer no interior de elas e na Ponte Avedela hai de seguro unha cidade, na que tecen asimesmo.

Có-ista crenza nas habitacións por baixo de terra, que n-outras ocasións describense como moi luxosas e ben postas, compre relacioán os camiños sobterreos da clás da que vai dende a Coroa de Santa Cristiña ó río Limia.

*As cidades asolagadas.*—A unha de elas debe pertencer o cruceiro que existe no Limia e no que tropezan os pes dos nadadores. Débese ter en conta que no nacemento de aquil río, na lagoa Antela ou Beón, está asolagada a cidade de Antioquia, compañeira das de Carregal, Domiños e Lago de Maside, e que é moi posíbel que se trate, no caso que agora comentamos, de unha emigración da lenda limia.

*O señor Sant-Iago.*—Os mouros da Coroa de Santa Cristiña pereceron a maus do Santo Apóstolo cando intentaban levar pro castro a iuga do río Cadás.

A matanza da mouranía é unha contaminación nida da batalla de Clavixi o-en canto os traballos hidráulicos dos habitadores do castro é posíbel que teñan relación cas

obras das minas de ouro románs popularizadas principalmente pol-o tonel de Monte furado.

*A moura que da de beber.*—É ista a primeira vez que nos alcontramos no noso folclore castrexo c-unha samaritana de ista casta e temos que confesar non atinamos con interpretación dourada. Relixión dos ríos? Virtude salutar das augas? Pode ser, mais é mellor estar á espreita de novas aportacións que agraren unha significanza que xusgamos por demasiado escuera.

*As lembranzas históricas.*—Pode apuntarse n-iste apartado todo o relativo á capela de San Adrao no coto do seu nome e a da capela da Madanela no coto da Vila, xa que ambos semellan teren existido e ainda dado nome ós lugares en que se emprazaban.

É curiosa a atribución ós mouros da capela de San Adrao, reveladora da elasticidade conque se aprica tal calificativo a calquer cousa antiga, con desprezo absoluto da historia e da cronoxia.

Con menos seguridade poden dárense como lembranzas históricas as referencias en col das casas dos mouros e das murallas do coto da Vila.

FLORENTINO LÓPEZ CUEVILLAS E

XURXO LORENZO.

## ÍNDICE CULTURAL E ARTÍSTICO DO RENACIMIENTO GALEGO

Por FRANCISCO F. DEL RIEGO

(Proseguimento)

Ficeron festas as mozas  
o vento novo da i-alma  
ai sí!

A noiva crara do orballo  
quebró seu vidro de noiva  
ai non!

E ista outra de métrica descoñecida na nosa literatura, pro que tén un recendo das cantigas noruegas, que impresiona pol-o ritmo e pol-a musicalidade.

No niño novo do vento  
hai unha pomba doirada  
meu amigol  
Quén poidera namorala.

Ten ares de frol recente  
cousas de recén casada  
meu amigol  
Quén poidera namorala.

Canta o luar i o mencer  
en frauta de verde olivo  
Quén poidera namorala  
meu amigol

Tamén tén soma de soma  
i andar primeiro de río  
Quén poidera namorala  
meu amigol!

Eu digo agora eiquí, denantes de se dará publicidade iste derradeiro libro, que terá de producir na crítica i en todos cantos coñecen a obra de Cunqueiro, unha sensación formidable e non agardada.

*Luis Pimentel* en «Diario de un médico de garda» amósanos unha visión do hospital, en que o patetismo do poema remata desfacéndose sempre nunha nota de color e de serenidade.

*Bal y Gay*, lucense coma o anterior, e como o anterior un poeta creacionista tipo, somentes o coñecemos a través de poesías soltas, con que ten colaborado en diversas revistas, e que o sitúan nun prano ergucito da nosa lírica, taes: «Jazzs sonámbulo» e a mais coñecida de «Cartón».

*Euxenio Montes*, poeta de movilidade máxima, captador de todalas posturas inxeles do noso espírito racial no senso máis popular d'ista verba, aparece así refrexado no seu volume «Versos a tres cas o neto».

*Outeiro Espasandín* non ten publicado ainda ningún libro, as suas poesías, moitas d'elas inéditas, exhalan a beleza e a emoción con un matiz novo, con un acento fondo. O ceo e a terra xúntanse no seu elan poético. O ceo de todolos homes e a terra de cada un. Como galego, é un poeta universal.

*Poetas dasanovistas con influencia de Juan Ramón Jiménez, de Antonio Machado, de Hölderlin, de Paul Valéry*. E intento incluir n'iles a: *Amado Carballo*, que no seu primeiro libro de versos «Proel», deunos coma en vaso propio, a promesa da sua orixinalidade, o seu canto tenro e lírico matizado por un trémolo de malancunia. E logo no «Galo», libro póstumo, a emoción dos seus poemas de ritmo e sabor panteista, en que a Natureza somellaba recrearse, traguéndonos paisaxes inéditos e perspeitivas novas.

*Carballo Calero*, poeta de senso novísimo entra no campo da lírica galega co seu libro «Vieiros», un dos mellores logrados na vendima da nosa renacencia. Agora, logo se nos aparecerá con un novo feixe de versos, ainda inéditos, nos que logra, e cecais sexa o úneco na literatura actual, ao menos na hispana, introducir á muller na sua obra, con unha función lírica e nun senso de cousa, xugosa e recendente.

*Augusto M.º Casas* en «Vento Segrel» aparece enfrentado por vieiros novos á par de Amado Carballo, conservando, con todo, un lastre tradicional no mellor senso da verba.

*Blanco Amor*, o autor de «Poema en cuatro Tempos», é unha das más finas personalidades da lírica galega. A sua obra é unha sinfonía do mar e no intento un poema de avangarda, que convierte ao seu autor no más típico poeta modernista galego, como ten dito díl Carballo Calero.

*Poetas do novo romanticismo*, entre os cales somentes podemos encadrar a un soio dos atuais, a *Aquiliño Iglesia Alvariño*, que se nos revelou primeiro como poeta cheo de pesimismo no seu primeiro libro «Señardá» e que agora con «Corazón al Vento», aparecesenos con unha auténtica poesía da montaña, Senso pagán. Mitoxia rústica finísima. Afán de ausencia. Nota de color en todolos os seus poemas, que mais que estados de azo díl, refrexan estalos de azo da natureza. Proba de que son poemas sin trampa. Iglesia Alvariño é un dos valores más considerabres da lírica galega, atopán-

dose no seu libro unha promesa de depuración xa perfeitamente crara e limpa da sua poesía.

*Poetas que retornan ao primitivo senso lírico dos cancioeiros*, para con mais segurança seguir a rota emotiva da alma da raza. Bouza-Brey co recente libro «Nao Senlleira», en que recolle poemas xa publicados, logra o intento de restaurar na poesía aitual, as valoracións poéticas dos Cancioeiros i eache un aspeito da nosa lírica no que se non tiña feito ren, e que ademais ven na hora precisa en que aquela somella embarcarse pra viaxes longos e dificultosos. Sigue o ritmo e a métrica medievás e nisto difrénciase das cantigas de Cunqueiro, mais lixeiras, anque Bouza haxa acadado o millor ático dos Cancioeiros n-aqueles tan belidos, como: «Quen dera ser nao senlleira —n aquel mar non presentido— das xa mergulladas terras». Ou n-aquél outro: «Moe, moe rodicio do sol—ai o corpo da nena leda—fitada de evocazóns».

## A PINTURA

A pintura aitual galega caraterízase pol o seu senso racial. Os pintores de ista hora fan o arte puro apoiándose no trampolin da vida galega. Os pintores novos da Galicia saben atopar aquí materia pra construir unha lingua universal. Crean pensando na cultura galega e buscan a materia no vivir galego. Pero pensar pra cultura galega, traballar pra ela, significa colaborar no seu avance. E isto equival a facer porque dia o paso que hoxe debe de dar. Tal é, e tal aparez a laboura limpia do máis representativo do noso arte presente. Imos á facer dil un análisis lixeiro, especificado en cada un dos seus nomes máis esgrevios.

*Castelao*.—O seu dibuxo ven do dibuxo alemán-xudeu. De aquél dibuxo que encarnan: Flehter, Paul Klee, Gross. Castelao acada con él unha etapa de preocupación pola liña que n-il é expresiva e logo nos dibuxantes que veñen despois vai á ser impresiva. Liquida o senso alemán-xudeu do seu dibuxo por unha preocupación social de temperamento racial —galego— Arte social no mellor senso da verba, distinto e desviado do dos alemás que remataron n-unha preocupación social revolucionaria de matiz universal e que fixo perder a expresividade á sua liña. Como pintor, Castelao é inferior ao dibuxante. En «Vento Mareiro». En «Terra de Lobos», óllase vir o conceito de pintura que logo ten de callar en Colmeiro i-en Maside e que fará que sexa posible falar d un xeito eslavo d-istes pintores. Castelao é, a máis, esa sustancia super-humán que se anuncia cando se fala. Que é algo como un humor de vidro desangrado.

*Arturo Souto*.—É o máis universal dos nosos pintores. Ensaiou todal as formas: dende o cubismo deicá o realismo máxico. Agora n-ista derradeira etapa, volta de novo ao realismo máxico. Os seus cadros: «Tampas coloreadas», «Baile de Porto», «Girls», «Mariñeiros con acordeón», son acertos cheos de gracia e de expresividade. Eu penso que, despois de Solano e de Colmeiro, Souto é o pintor que na Península tén o máis vario e formidable número de cores ocres, que n-il acadan unha vitalidade fondísima.

*Manuel Colmeiro*.—É o primeiro pintor galego de hoxe. Cunqueiro teno caraterizado, n-unha conferencia inaugural da exposición que está celebrando en Ourense, coma un Cézanne que lle roubou a boca á Barradas e o ollo dereito á Marie Blanchard. De eiqui que todol os seus cadros falen e vexan. Un historiador de arte universal, diante de istos cadros, faría decontado a sua filiación eslava. Colmeiro é un barroco, pero un barroco que corresponderá á un senso que o medieval tiña do clásico, por volumes a formas e non por formas a volumes. Colmeiro é un labrego auténtico que pinta e ara coa mesma naturalidade e co mesmo esforzo. Colmeiro é hoxe o pintor galego de máis posibilidades. Entre os seus cadros, en «Cesto con cotelos», aparez a primeira natureza morta que se pintou en Galicia, respondendo á cousas vivas. É un lenzo branco extendido no campo.

Un cesto roto con pan de broa e n-unha esquiña do cadro unha mazá roxa con dazasete roxos diferentes. «Nai e filla» é a sua mellor obra. Obra que habería que mandar en primeiro termo á un auténtico museo de arte moderno. «Hércules na paisaxe» é un mito labrego.

*Carlos Maside*.—É o que máis cousas sabe e por tanto, o que más recursos tén, ainda que os empregue con unha honradez máxima. O seu arte está na mesma liña que o de Colmeiro. As figuras dos seus cadros adequiren un volume e unha densidade que os fai cáxeque escultóricos. En Maside, o dibuxante manda nos tonos sempre. Non pinta con pincel. Pinta con espátula e paletiña de dar cal os canteiros. O maior valor da sua pintura —i-é mui grande iste valor— consiste na premiosidade, nos volumes. Maside como Colmeiro, son sobre todo, pintores murales, e nun Estado galego con concencia da sua obriga, istos dous artistas terían paredes que pintar, na seguranza de que o farian coma ninguén en Galicia e coma mui poucos fora d-ela. Os seus cadros principais son: os tellados e rúas composteláns, riquísimos de cór e de liña. Os tonos das casas son carnosos e a composición pódese afirmar rotundamente que é igual á dos tellados de René Clair en «Sous les toits de Paris» ou en «Vive la libertad». Temas campesiños e mariñeiros, son os de «Muller con cabalo», «As peixeiras», «As mulleres sentadas».

*Luis Seoane*, anque arxentino, é un dibuxante auténticamente galego con un porvir magnífico. O seu dibuxo xa tiña precedentes en Galicia en Fernández Mazas i-en Cebreiro. Pero en Seoane tén unha inxenuidade e un ritmo que iles non tiñan acadado. As estampas coloreadas son feitas con tintas planas, ou sexa, tintas que se non poden mixturar pra outer tonos e que hai que conquerir a forza de somas. Estas estampas por esa dificultade e pol-a técnica novísima perfeitamente orixinal, son unha sorpresa grande pra todos.

*Ben y Bóo*.—Pintou seis cadros e aos doce días de expólos por primeira vez en Compostela, morreu. Era un primitivo. Por facer cousas como as dil pero peores, Spies pasa por ser hoxe, i-é, un dos mellores pintores de Europa. Nos museos hai cadros de primitivos italianos de bastante menos valor que a «Mujer» de Ben y Bóo.

*Landín*.—É un pintor anxélico. Garda municipal en Santiago, foi intuído o seu valer artístico por Maside. En todol os seus cadros hai unha sutileza que él garda i-esconde nos córes más claros que ninguén pode imaxinar. Co isto fica dito, que ainda que non é un pintor culto, non é un inxénuo. O mellor dos seus cadros, cecás sexa «O desnudo de nena».

*Torres*, está na liña de Souto e tén a mesma preocupación que tén Maside pol-as dimensións. Pintor mural como iles.

*Laxeiro, Granell e Castro Arines*, son promesas mañificas n iste novo camiñar do arte galego polos vieiros nacionais.

## A ESCULTURA

Asorey e Bonome, que escomezaran achegándose á aquel punto de onde surtisen as posibilidades da escultura en Galicia, remataron saiendo por camiños trabucados e insospitados nun escultor galego, anque non creamos a Asorey perdido definitivamente pra nosa tradición artística. A este respecto podemos lembrarnos dun ensaio do mestre Unamuno: «El arte de labrar la piedra en Galicia», onde están indicados dun xeito claro e taxativo os vieiros todos da nosa escultura. —*Eiroa Barral* ven á responder á ista tradición, e á iste senso de artesán, de canteiro que chega á escultor e á artista por oficio do seu propio oficio. Falouse de Renoir referindose á Eiroa. A referencia é xusta i-é o mellor eloxio que se lle pode facer. Na «Leiteira», á temática de construcción acada todol os planos sin se romper nin manchar en ningún diles. Podemos preguntarnos en cantes es-

cultores modernos se dá iso. Acusouse á Eiroa de indocumentado e ao pouco tempo expuña a «Cabeza de Cristo», que responde a un conceito de clasicismo anti-normativo, que ainda anda nos libros como idea avanzadísima e que soio Planes e Clará na Península, Peigues en Francia e Mestrowkyck en Serbia, intentaron.

Podemos decir, pois, que a escultura xenuinamente galega, tal como a entendemos nun senso novo, está hoxe representada por Eiroa, escultor galego e universal.

(Continuarase)

## OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

VOCABULARIO CASTELLANO-GALLEGO de las Irmandades da Fala, Cruxia.

**E**STÁBAMOS faltosos d'un vocabulario d'esta caste. Unha chea de materias (prehistoria, historia, arqueoloxía, folklore, etc.) van sendo ben estudiadas; en troques, a filoloxía témola ben atrasada. Podemos dicir d'unha vez qu'en Galicia non s'estuda o idioma galego. S'algo queremos saber d'il temos que acodir aos traballos dos portugueses e ainda aos dos dialeitólogos alemás da escola de Hamburgo. E non temos máis traballos indígenas qu'as Gramáticas prácticas elementás de Saco Arce e Lugris Freire (as outras que hai, a de Mirás, etc., son descoñecidas pr'a maior parte da gente) e Dicionarios esgotados, com'os de Cubeiro e Valladares, ou incomprendos com'os da Academia, ou o díno de Louizánha de Carré Alvarellos, só seu segundo volume non estivera feito con demasiada prensa. Nen tan xiquera hai unha abondosa recolleita de léxico. E non falemos da fonética e da sintaxe, que temos poucos menos qu'inéditas. Hui é certo a *Gramática histórica* de García de Diego, que é unha boa guía pra a fonética, feita á base de documentos, e o estudio de Couceiro Freijomil na *Geografía del Reino de Galicia* da Casa Martín de Barcelona. E paramos de contar. O estudio de Margot Spitzer, o Dicionario de Eladio Rodríguez González fican inéditos.

D'este xeito, nós falamos e escribimos en galego sen guía de ningunha caste, atal e como Deus nos deu á entender, anárquicamente, correndo o risco de derribalo. Compren estudos en col da nosa lingua pra traxer á gente cara unha norma enxebre e diferenciada. Hoxe o galego estiamo forxando escrusivamente os poetas, que por certo, escribeno millor qu'os prosistas, mais ainda antr'os poetas, non todos teñen o gusto depurado nem poseen o genio da lingua, como o posée, por exemplo, antr'os modernos,

Fermín Bouza Brey. Todos leemos canto podemos os documentos antigos, mais compre que se nós deprenda á leelos beu. E tamén compre escutar ao pobo.

Por isto todo son tan ben vidas obras coma ésta. As Irmandades da Fala recolleron eiqui más de 15.000 vocábulos, e engaderon un valioso apéndice aclaratorio, con normas pra o emprego d'unha chea d'elas. Dende logo, non se trata d'unha obra científica, senón d'un libro práctico, de gran utilidade pra os escritores que encomenzan, e que foron educados na gramática castelán, e pra ler e escribir somentes a lingua oficial. E ademais unha boa probanza da riqueza da lingua galega endereitada cara o gran público.

O defeito meirande que l'atopamos, é o que os mesmos AA. do Vocabulario expresan n'ellas verbas: «Como nuestro propósito es el de unificar lo más radicalmente posible la lengua gallega, hemos omitido buen número de voces comarcas». Non compartimos iste criterio de demasiado estreito; o genio d'unificar unha lingua non é podalo de todo aquello que non sexa d'usanza geral. Cois o que se fai é empobrecer o idioma. O xeito de proceder é precisamente o contrario: recoller todal as «voces comarcas», por restrita que semelle a área geográfica da sua usanza, pra tornalas coñecidas en todo o territorio, co qual enrequentase o léxico común. Por outra banda, os AA. dan moitas veces coma dialeitás, expresións cuio dialeitalismo habla ser ben discutible, e ainda hai o reparo de que iste pensar resintese d'un criterio formado en parte nas terras cruceñas e mariñás. Tamén coidamos que, fordo dito, o Vocabulario podería ser considerablemente aumentado. Iste é labor dos que traballenriba d'il, pois precisamente o mérito millor d'esta obra é o de servir de base pra traballos futuros.

De toda sorte, já hoxe é un gran elemento d'estudo e d'ajuda pra os escritores galegos, que llo deben agradecer ás Irmandades da Fala.

A PROL DO ESTATUTO, por Manuel Banet Fontenla, Santiago, Nós, 1933.

**O** DR. Banet Fontenla é un dos máis antigos e bariles loitadores do galeguismo e un dos mais asisados e documentados confeccionadores da nosa Terra e das suas necesidades. É pena qu'a sua grande modestia e o seu moi traballo profesional o mantefian tan calado, il que tan ben sabe dicir as verbas precisas en cada istante, e que de palabra espalla tan sabiamente o seu consello, coma saudosamente lembran todos cand'a sua intervención na Asamblea de Lugo do 1918, e ainda agora, nos Consellos do partido á que pertence, ond'o Dr. Banet é de certeza escoitado con respeito.

Mais no istante preciso, o Dr. Banet sabe sair ao campo, coma agora o fai co-iste razoado alegato á prol do Estatuto de Galicia, no que, en ben poucas llanas, escritas nun maravilloso galego de nobre i ergueita enxebreza, fire d'un puló serea e certeiramente no probreina; espondo sintéticamente as razóns á favor e as causas psicológicas que moven aos que van en contra do Estatuto.

É un dos millores traballos de propaganda que se levan feito, e que deberá andar nas maus de todolos galegos.

ENSAYO HISTÓRICO SOBRE LA CULTURA GALLEGA, por Ramón Otero Pedrayo, Santiago, NÓS, 1933.

Iste ensayo foi escrito pra formar parte da Biblioteca de Estudios Gallegos da CIAP, que dirixía Alvaro das Casas, e que o afundimento da empresa deixou no caixón. N il, Otero Pedrayo enfoca a historia de Galicia d'un xeito novo, precurando a nosa personalidade onde verdadeiramente está: na cultura e non na política. Elo é dende logo un acerto do grande escritor.

O *Ensayo* é verdadeiramente un ensayo, ou más ben unha riola d'iles perfeitamente enlazados. Non é propriamente un relato nem unha descripción do proceso da nosa cultura. Non s'atopan n il apenas feitos concretos nem datados, coma non sexan os característicos e simbólicos. É a historia da cultura galega assimilada e sentido fondamente. Otero adonouse da corrente central da nosa cultura, da sua sinificación fonda, da sua alma invisible, e o que nos da n iste libro forte e sugestivo é o interno proceso criador o senso inmorrente da cultura galega, manifestado século por século nos seus simbolos externos fundamentais: «la barca Apostólica, las hogueras de San Martín, la Galaxia, la archivolta florida, la selva encantada, los caminos del mundo, la ojiva y la espada, el poniente barroco».

Son de todos coñecidos os acertos —verdadeiras descobertas— d'interpretación estética d'Otero Pedrayo, o millor glosador da arte compostelán. N iste libro hai ademais d'iso, unha chea d'observacións e d'interpretacións imprevistas dos más diversos aspectos da cultura galega, dos que tira significacións endejamáis achadas enantes, e que terán que ser tidas en conta pra sempre por calquera que se poña á escribir a nosa historia.

Ademais, o libro desenvólvese com'un poema, c'un ritmo ergueito e doméñante e co-a outa lingoage de todolos seus libros, onde, coma na arquitectura barroca, que n il téa tan agudo intérprete, a sólida cencia vése estremecida d'entusiasmo. É un dos libros que han quedar do noso esforzo d'estes anos, coma guieiro pra quem queira comprender o que Galicia significou no pasado e debe significar no porvir.

BRANQUINHO DA FONSECA: MAR COALHADO. Imprensa da Universidade, Coimbra, 1932.

**A** POESIA NOVA en Portugal é cousa ben diferente da poesía nova en España. En España hai cáxeque unha solución de continuidade entre os vellos poetas e os poetas novos. En Portugal, os avances da poesía leváron outra orientación, en virtude da cal non é tan súpeta a transición dos poetas de onte aos poetas de hoxe. Procede, cicais, isto de que os novos poetas portugueses non tenderon a deshumanizar a poesía tanto como os españoles. (Estoume referindo aos españoles de fala castelá. En Galicia cada un fai o que lle peta, e apenaus hai homoxeneidades na tendencias dos nosos modernos líricos). Pedro Salinas, por exemplo, falanos nunha poesía filtrada, esterilizada de toda paixón humá. Ben ao contrario, iste Branquinho da Fonseca cuio libro comentou, escribe versos nos que latexa vivamente unha cárrega de mesta e complexa humanidade. Non é ista unha poesía ouxetiva, senón agudamente persoal e percorrida ás vegadas polo chifro fadul de un venio dramático. Craro está que a condición de humanidade que se atopa n iste *Mar coalhado* non supón un emprego sínxelo, inxel o direito do mouvo humano. O autor é ben poeta de hoxe, e, confirmando a observación de Oriega y Gasset, ao humanizar a poesía, deshumaniza ao home. Os elementos humanos que xogan na poesía de Branquinho da Fonseca, teñen de humanos un minimum tan só. O minimum necesario pra que como humanos os recoñezamos. Pol-o demais, están tratados con un método moitas vegadas surrealista, que fai en ocasións ás figuras que pobran istas páxinas, criaturas de un mundo semel-

Hante ao que en *Sobre los ángeles nos revelou Alberti.*

A poesía de *Mar coalhado* é unha poesía sutil, de vagos e finos matices, de bretemosa e penetrante saudade. É normal nela unha certa pantesia baudelairiana, mesturada de un humor ben portugués. Unha obsesión tropical e viaxeira decora moitos dos poemas de iste tomo; poesía punxente, sincera. Poesía impresionista, de un craro-escuro suxerente; poesía que apenas emprega outras cores que as cores neutras. Unha surrisa un pouco estrana aboa encol de estas páginas esquemáticas: unha surrisa chea de espírito, como a que nos amosa o impresionante auto-retrato do autor, que acompaña aos poemas.

R. C. C.

## RÉVISTAS

**ACTAS Y MEMORIAS DE LA SOCIEDAD ESPAÑOLA DE ANTROPOLOGÍA, ETCNOLOGÍA Y PREHISTORIA,**  
1932, cuadernos 2.<sup>o</sup> - 3.<sup>o</sup>

DUAS das memorias (dos Sres. Barras de Aragón e Barreiro) son referentes respectivamente aos cráneos do indios guajiros do Museu d'Historia Natural de Caracas, e a unha antiga Historia de Titaguas d'intérss etnográfico. De caraute geral, *el calor en la vida y el arte de los pueblos* de J. Pérez de Barradas. Na bibliografía, reseñanse: *Pasatiempo folklórico. Varios juegos infantiles del siglo XVI* de Francisco Rodríguez Martín; *Folklore de S. Simão de Novais. Orações*, de F. de Castro Pires de Luna, e outros libros en col de Laponia, Wustemberg, Ur., etc.

**BOLETÍN DE FILOLOGÍA**, t. I, fasc. 3 a 4. Lisboa 1933.

O INTRESANTE sumario d'esta revista, indispensábel para quen queira ter unha fonda coñecencia do idioma galego-portugués, é o seguinte: J. Maria Rodrigues *Sobre o uso do infinito impersonal e do persoal en «Os Lusiadas»* — Rodrigues Lapa, *Fray Martín Sarmiento e o vocabulo «carítes»* (segundo do aludido escrito de Sarmiento) — Id. *Livros de falcoaria* — Hernani Cidade, *O conceito da poesía no século XVII. D. Francisco Manoel de Nelo* — R. de Sá Nogueira, *Subsidios para o estudo da assimilação en portugués* — Rudolf Rübbeck, *A linguagem das Cantigas de Santa María de Afonso X o Sabio* — Miscelânea — Livros e Revistas (reseña do traballo de W. Ebeling en col dos instrumentos agrícolas do E. de Lugo) — *Vida do Centro*.

**TRABALHOS DA SOCIEDADE PORTUGUESA DE ANTROPOLOGIA E ETCNOLOGIA**, vol. VI, fasc. I, Porto, 1933.

**P**UBRICA: Dr. Renato Kehl, *Política Eugénica* — Humberto Pinto Lima, *A cerdánica predínstica* (no Egito) — J. R. dos Santos Junior, *O abrigo pré-histórico da «Pala-Pinta»* — Varia — Na bibliografía: *Serão pre-asturienses as estações pré-históricas do litoral galaico-minhoto?* e *Algúns raspadores da industria galaico-minhota de tipo asturiano* do P. Jalhay — *Los brazaletes post-hallstätticos del noroeste hispánico* de Florentino L. Cuevillas — *As origens da cidade do Porto*, de Ménedes Correa — *O Poveiro de A Santos Graça* — O questionario das embarcacións de Xoquin Lourenzo — etc., etc.

**NÓTULA SÓBRE O ARREMÉSSO DOS DENTES**, Porto, 1932, por J. R. dos Santos Junior,

O autor espón eiqui diversas usanzas portuguesas de tratamento dos dentes de leite que lle caen aos rapaces, asunto de grande actualidade etnolóxica e folclórica nas publicacions de todo o mundo, por acharse relacionado con probremas importantes. Coida que nas prácticas estudiadas, o elemento fundamental común é o de botar o dente pra tras das costas.

**OLARIAS DE MUGE**, é un estudo do mesmo A. encol da industria popular dos oleiros d'aquela localidade, semellante ás nosas de Niñodaiga, etc. En colaboración con J. Beethencourt Ferreira, dá tamén.

**A PEDRA DE COBRA**, contraveneno popular contra a pezoña da serpe, estudo ben propio pra compretar o das creencias populares arredor da serpe, de Ménedes Correa, Cuevillas e Bouza Brey, etc.

**NOTAS ETNOGRÁFICAS SOBRE BARCELLOS**, por Fernanda de Matos Junior, Porto, 1932.

**E**un estudo etnográfico d'unha terra, semellante aos publicados ou emprendidos polo Seminario d'Estudos Galegos (Calvos de Randín, Melide, etc). Comprende: *Condições geográficas. Considerações históricas* (a historia, a tradición, a lenda, moimentos, (Estudo etnográfico: *Vida material*, (A poboación, habitación, mantenza, vestido, agricultura, industria, comercio); *Vida mental* (linguaxe, cencia popular, arte popular, relixión e superstición); *Vida social* (familia, ceremonias, nomes, sentimento).



## A hixiene dos nenos

é a garantía da sua saúde física e moral o dia de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o **"Jabón Sales de la Toja"**, único que ás suas altas calidades meicifás xunta toda a finura e perfume d'un xabón de tocador.

Contribuie ó perfeito desenrollo das criaturas e evita o perigo da escrófula e o raquitismo.

**JABÓN  
LA TOJA  
ÚNICO EN EL MUNDO**

1pta  
PASTILLA



PIEROLA



O Xabrón da Toxa  
é o mellor.

Honra á Galicia no  
mundo enteiro

MERQUE VOSTEDE  
**Plumeiros RAFIUM**

DE MAIS DURA QU'OS DE PLUMA E LIMPA MILLOR.  
VÉNDENSE EN TODOS OS ESTABRECIMENTOS DO RAMO.

ANDRÉS PERILLE --- OURENSE

**Sanatorio Quirúrxico de San Lorenzo**  
**Santiago de Galicia**

Dos Profesores

D. Fernando Alsina e D. Antonio M. de la Riva

CIRUXANO

XINECÓLOGO

**FOTOGRABADO**

Si quer qu'os seus fotogradados sexan o mais perfeito posibres, convenlle envialos aos  
**Talleres de fotograbado ESPASA-CALPE S. A.**

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

A sua biblioteca non será  
unha biblioteca galega,  
mentras non adequira as  
obras editadas por

**NÓS**

PUBLICACIÓNS GALEGAS E IMPRENTA  
SANTIAGO